

eScritos Da nación

proiBida

por non ter, non tiñamos medo...
por non ter...
por non ter, non tiñamos fame...

Xabier González

Dedicado aos que levan estado sempre a miña beira, de xeito especial a Pepe (o meu finado pai), a Francisco (o meu finado padriño); pero, sobre todo, a Rori, a Jon e a Analén, porque eles serán, algún día, cidadáns dunha nación soberán, desa Galicia-nación que hoxe aínda é prohibida...

escritos da
nación
proibida



Xabier González

LIMIAR ESCRITO CANDO TODO TIÑA REMATADO

Quizais non sexa doado entende-la razón, comprender un limiar escrito cando todo tiña rematado; pero así son as cousas, a visión global só se acada cando, ó mirar cara atrás, vemos un camiño que ten por lousas as nosas pegadas.

Agora podo dicir que estas son as crónicas dun tempo remexido e mesturado, inquedo e sufridor...

Un tempo afiado a mao tenta, comprometido cunha realidade irreal ou angustiado por tantas cousas non resoltas...

Un tempo de despois, perfecto pretérito dun futuro imperfecto... de cando fun vello antes de ser neno... de cando namorábame das lúas... de cando empreñaba papeis de esperanzasme ou aínda erguía os ollos para mirar fixamente ó ceo, ata quedar cego de luz e cheo de enerxía...

E foi así que...

Militaba eu, naqueles tempos, en eidos distintos na esculca de albas de gloria presaxiadas. Sabíame, sentíame, predestinado por un devir gardián de tesouros que me pertencían e que, sen lugar a dúbidas, faría meus a pouco que o tentara.

Desde o corredor da *Casa da Alén*, buscaba nas brétemas da *Regueira* como un neno calquera que xoga na praia con ondas de vai e ven, facendo castelos de nubes nas nubes e acendendo o sol cando as tebras abaixaban tellados en *Pazos* ou en *Cobas*... ou en *Viduedo*...

Presentíame só, nu, cangado de esperanzas intelixentes que loitaban por acougar no seo de palabras escritas ou pronunciadas; vendo como, chisco a chisco, segundo a segundo, o tempo se facía vento e a distancia acadaba unha medida harmonizada.

Na *Casa da Alén* había moitas presencias de xente que xa non estaba... de xente que eu quería do verbo amar... que fuxiran fisicamente da miña beira pero que, a miña beira, aínda estaban...

Francisco, o meu padriño, co seu pelo branco e sorrindo... unhas



veces ensinándome a ler naquel *Quixote* do ano 1.792... outras, contándome sen contar como foran os anos nos que estivera na cadea de *Oseira*, por ser *roxo* nos tempos no que o azul predominaba...

Lembro sempre a *Francisco* como un dos meus heroes, investido da maxia do autenticamente insubornable... Non foi cousa de anos nenos, aínda hoxe a imaxe do meu padriño ten unha nitidez imborrable...

Un chisco mais lonxe, a miña aboa *Modesta* fritía un par de ovos nun inferniño eléctrico... Muller fidalga da que, moitas veces, penso herdei o orgullo e a caste indomable. Coido que non lembro de ela un só xesto de tenrura pero, pola contra, deixoume en herdanza un espírito de clan e de independencia que gardo como unha das miñas xoias mais prezadas.

Entre brétemas, nun lugar que non dou precisado pero que sei está na *Alén*, vive o meu tío *Camilo*. Con el veñen as lembranzas... a primeira vez que comulguei con aquel traxe de xeneral, sen sable, de non sei que exercito imaxinario. Nunca o soubo, pero que aquel traxe non tivera un mísero chafallo é a causa da miña primeira crise de fe que, anos despois, me levou por camiños dun agnosticismo tan irreversible como incuestionable.

Xa no hoxe, anos despois, esa mesma *Casa da Alén* lémbreme a derradeira vez que vin a meu pai, ó *Pepe da Alén*, rodrigando as cepas nun domingo calquera que veu a ser, ¿quen o diría?, o limiar dun luns arrepiante e fúnebre no que tivo que irse fisicamente para quedar a miña beira polos anos dos anos. Dicar que morreu é faltar a verdade, que a xente morre cando os demais as esquecen... cando a súa memoria xa non é algo cotián... cando se esvae, para sempre, a súa presenza...

Tempos do onte, criados o carón dunhas pedras seculares... nun lugar onde a terra chamase *Alén* e que viven en min coa intensidade vital das obras inacabadas...

Hoxe, abandonado no berce dunha cadeira e nun anoitecer cheo de poesía e de soidade, a *Casa da Alén* arrólame... faime lembrar a galería de espellos na que a vida se vai mudando... A verdade é que levaba tempo matinando, tanto tempo que nin eu mesmo sabía cuantificalo...

E todo comezou de súpeto, empreñando o meu espírito, desenferruxando a miña pluma, trocando en novas moitas vellas inquestionables. Falábame o pasado, o pretérito imperfecto de anos que enterrei en responsos sen cregos, sen misas e sen epitafios que se perdan.

Mirei o ceo, aínda non había lúa nin estrelas, nin anxos, nin porvires agardando...

Rebulín na morica de papeis e atopei, vellos e desordenados, dous volumes conquistados polo po facía tempo. Collín sorrindo cada un deles sentindo un súpeto desexo de ser neno de novo... de non medrar xamais... de regresar os tempos nos que tiña o presente tan presente que non facían falla as lembranzas...

Souben que eran escritos da miña nación prohibida, cartas a min mesmo, esperanzas voando e desesperando por deixar de voar e pouxarse nunha realidade que non chega...

RELATORIOS DO ESCRIBIDOR titulábase o primeiro, un conxunto de narracións aparentemente soltas; *LEVIATHAN E O PINTOR DE CADROS DE PALABRAS* era o segundo... o que, agora mesmo, as miñas bagoas mollaban, sen querelo...

E cavilei que, xuntos, ti, lector, mais eu, percorreremos esas paxinas, irmandados nunha liturxia de regresos que daremos en chamar *ESCRITOS DA NACIÓN PROIBIDA*, por exemplo...

Freguei os ollos... Os escritos eran parte do meu tempo... dun mesto mar de silencios cheos de min mesmo...

...hai veces nas que as palabras son necesariamente innecesarias...

O frío fíxose dono dos meus osos, *Mama-Ana* chamaba por min e, sen saber moi ben polo qué, lembreime dun vello amigo que morrera...

Os escritos xa non eran mais que pasado. Agacha-lo roibén sería un sacrilexio literario; xa que logo, a literatura é algo mais que estrutura e argumento, ¡é sentimento!

De sentimentos vou falar agora mesmo, se atopo palabras... ou se as palabras veñen...

Coma se foran unha mazá, enceté molos..

“Por non ter, non tiñamos fame...”

Relatorios do escribidor

LÚA DE CRISTAL OU CARTON-PEDRA

Foi labazada para a lúa a amencida, fechou risos de noite ou bágoas silandeiras que medraban a carón de inescrutables belezas...

A amencida, cada amencida, constituíuse nun solpor da noite sen que fora posible evitalo, na renacencia dun día onde os soños son pouco posibles, onde a realidade é máis palpable ou menos invisible...

...onde os lousiñeiros das estrelas deberan buscar, ata atopa-la papoula que faga harmoniosa a soidade de cada mediodía...



*Rubiamos xuntos as iadas encostas das ledicias;
eu,
narrador de feitos subxectivos,
e ti,
invisible compañeiro-compañeira de luzadas;
enfeitizando personaxes mornas ou devecidas;
fiando na roca verbas ou palabras,
que todo é o mesmo...*

Suspirar a ritmo de blues; anceiar unha cadeira para olla-lo infinito; percura-lo éter desde a nada máis absoluta ou máis sometida; encetar unha xeira para poder examinar a anterior, para poder saber se con ela fuxiran as feridas ou, pola contra, esburmaban aínda con incontable rabia infinita...

Pero así foi...

... foi así e aínda é.

Unha historia sen personaxe, cunha única personaxe que é a vida, cunha única razón que é a historia, cunha única burla que é o destino.

Lúa de cristal; lúa amiga...

*Non é doado hoxe saber se ía contigo,
se contigo camiñaba ou se tan só te albiscaba
desde unha mesta brétema calquera que xurdía intempestiva
de tódalas comúns feridas.*

*Pelagatos entendidos camiñaban á nosa beira,
tan preto que o cheirume das súas cobizas ofendía ó nariz;
eran seres derrotados,
vencedores cangados cunha morica de derrotas escondidas;
eran as xentes que xamais camiñaran,
que xamais aprenderan a andar soas,
que pasaban pola vida cun paso traxicamente cómico,
desgraciadamente ledou ou fatalmente extenso,
que é o mesmo...*

Matinei que a lúa non podía se-la mesma para todos, cavilei
que a lúa ten que ser un ente vivencial, un ser que xurde das circuns-
tancias que promoven a súa visión infinda...

E é así que un neno tenta, sempre, facela súa; colle-la lúa para
arrolala nun berce de infantil paixón, de infantil tenrura...

... ata pode que chegue a maxinarse que a lúa ten que aprender
a escribir...

*O certo,
amigos meus, é que,
testallons personaxes dunha teatral montaxe,
cuaseque sempre inacabada,
viaxamos na percura do Graal dos heroes,
na conquista dunha lúa de cristal
que substituíra a lúa de carton-pedra que outros,
a sabendas,
penduraron no noso ceo,
do día para a noite,
conspirando de esguello cun soao vertolán e gurrumiñas,
mesto,
coxo e silandeiro.
De cuarto en cuarto,
de tella en tella,
vagalumes na noite tépeda,*

*esculcando un almarío onde os risos foran anxos
e os anxos demos
de outro tempo*

¡Non era a mesma...!; cada un ten unha lúa aínda que todos compartamos un mesmo ceo...

E é así que o famento peregrino ve na lúa un enfeitizador queixo, ou un pan, que é o mesmo; ¡fartarse de lúa é o seu desexo!, aínda que saiba que a lúa está lonxe, que o ceo fica moi perto...

E é así que o poeta ve na lúa unha morna esperanza, nela ve a transcendente intranscendencia do aparente, a inescrutable realidade do que se antolla cotián...; si, o poeta non ve lúas no ceo; ve poesía, ve o punto de referencia nun mundo onde escasamente fiables ou dificilmente recoñecibles son os puntos de referencia...

Namentres, a lúa, dálle que dálle, latexa...

E é así que eu tamén sei que hai lúas-cocido, lúas chourizo e lúas-lacón con grelos; o que importa é farta-la fame, o que importa é que fuxan os medos...

*Xuntos vimos eses seres enxendrados na caiñeza,
esmaceladas momias de osos vellos,
pelellos enxofrados
ou patéticos cadros de noxenta envexa.
Vimos como fan,
como prometen,
como firran os seus corpos para que os outros,
co seu vital entusiasmo,
arrepuxen a infamia dos seus ocos peitos...
...Penduradores de lúas de carton-pedra
no noso ceo.*

Ver lúas na lúa non é un segredo, como moito unha tara conxénita, unha catividade, unha perda de tempo...

E é así que, aqueles que tan só ven lúas na lúa do noso ceo, penduran outras lúas e trocan o ceo en inferno.

Son chicharras de hoxe, traspoleiradas por trasnos de outros tempos, eminencias dun intelecto peculiar, tramoistas dun escenario de cartón con mortas lúas de carton-pedra...

*Pero ollo,
meus amigos,
que pode que xa sexa tempo.
A amencida está aí e non é a mesma;
depredadores e vítimas trocaron os papeis
e no ceo colectivo pode que,
moi pronto,
brille unha lúa de cristal,
...de cristal auténtico*

Unha lúa de cristal que veña sulagar esa lúa cotián de cartón-
pedra...

ANDORIÑA DE NOSTALXIA

Sabía que atopala alí non era estraño, que aquel levaba moitos anos sendo o seu hábitat, que alí vivira e que alí morrería sen que nada puidera remedialo.

Non tentaba coñece-los seus segredos, moito menos profundar na súa alma; aínda así eu sabía que existía e anceiaba encher de brancos silencios unha baldeira páxina que voaba coas súas azas.

De noite, de día, no inverno, no verán, a calquera hora, ¡sempre!, toda a vida; unha vida cangada xa por moitos anos...



¿Onde vas "Anduriña"?
Para onde veño..., para onde veño rapaz,
¡lisca!,
¡¡ceíbame o paso...!!
¿E de onde vés "Anduriña"?
De onde quero..., rapaz,
¡fuxe!, ¡lisca!, ¡¡ceíbame o paso!!

Coñecina cando xa lle chamaban Andoriña, facía quizais toda unha vida que perdera o nome vulgar para abranguer tenrura, ou tolemia, baixo ás deste alcume "provinciano".

Andoriña era unha nao máis na mareira do malfado; unha nao sen búsola, que enchía de tolemia contaxiosa as corredeiras e máis as modernas autoestradas desta Terra.

Levaba, eu, anos tentando alugar un intre para atopala, para traela aquí xa que eu sabía que, aquí, era necesaria.

Esquecín a hora de cando a atopei, como esquecían a data; esquecín todo e non, non sei cando, conquistei a súa figura entre as silvas e os toxos, perdida entre o ermo de cemento e alcatrán, de microondas e de arames.

Aínda así, botei de menos unha doce voz para chamala, ou pode que fora tan só un medo ilóxico a chamarlle Andoriña, a chamarlle como outros a chamaban.

E, pasados xa moitos anos, descoñecelo seu nome verdadeiro seguía obsesionándome...

*Chamábase María...;
María chamábanlle...;
era aínda moi noviña cando me chamaron para servir
no fronte de África
Eu sonlle da quinta do trinta e dous...,
tiven que ir...
¿sabe?
Pero si, xa a coñecía, chamábanlle María...;
¿Quen...?, ¿quen lle puxo Andoriña...?,
Chamábanlle María...;
foi tempo despois que lle deron en chamar Andoriña...,
puxeron a lingua nela...,
as malas linguas,
¿sabe?,
deron en chamarlle Andoriña polo que lle pasara...*

Rescatar ese nome verdadeiro non me foi doado, durmía o sono do tempo no arquivo das lembranzas daquel vello sobrevivente, mutilado, cheo de cíclicas lembranzas inconexas que tiñan un antes e un despois en África.

Tiven que escoitar historias de heroes afoutos, ganadores de milleiros de batallas; eran as feridas da grande guerra e, corenta e tantos anos despois, aínda esburmaban.

Pero conseguira, ó fin, facer meu un segredo que a ninguén preocupaba; e sentínme con azos para voltar aquelas corredeiras a percurala.

E agora; agora que posuía o nome desexaba, máis que sempre, coñece-la historia xa que ela era parte de min, parte dunha miña idade nena que, cada vez máis, lembraba e desexaba.

Era, ¡sí!, un xeito de renacer, de curiosidade infantil, o revoltar daqueles xantares que con ela compartín cando era costume dar de comer por caridade...

*Andoriña..., boeno, María..., era boa moza e sabía,
¡a condenada!,
enfeitizarnos.
Foilte denantes da guerra...,
a min aínda non me chamaran...,
eu sonlle da quinta do trinta e tres...,
a Andoriña lévolle ben uns...
uns dez anos...*

As contas non cadraban, nembargantes nada importaba; o vello mutilado facíase dono do tempo, repartía anos como quen reparte fabas...

*Eu non sei o que cun mozo lle pasara...,
un mozo que a namoraba;
eu tan só sei o que dicían pero...
vostede xa sabe..., ¡as linguas ruíns sempre están dálle que
dálle!
Dicían que a tolemia foi un castigo do Señor...,
¡que era unha moza escurriada!.
Escoitei, coma un parvo...
Din que dixo o crego, nun sermón de domingo...,
¡xa sabe!,
que sendo os seus pecados tantos tiña que empezar en vida
a purgalos.
Isto foilte no trinta e cinco,
¡lebrome ben!,
eu son da quinta dise ano...*

Maxinei a Andoriña, naqueles anos; cavilei a razón pola que a felicidade se esgotaba, ¿naceríamos cunha cota de boandanza?, ¿ou sería que hai seres que nacen predestinados?. Pero o certo é que Andoriña non semellaba ter mágoa; era ela, por riba do mal e do ben, soa, calculadamente soa coas súas lembranzas e pantasías, benfadada...

Eu amaba a Andoriña, quería darlle esmola sempre por amor, ¡xamais por caridade!. Xa que logo o misterio facíase menos insondable, máis comprensible, máis axeitado á realidade...

*¡Como llo digo...!, amentouna o crego..., ¡amentouna o señor abade!
Desde entón María xa non foi máis a María...,
desde entón morreu a muller...,
apareceu a Andoriña" nas corredeiras e deuse a camiñar
como aloucada.
¡Sí!, ..foille no trinta e seis, ¡eu seino ben!,
chamáronme para ir o fronte..., había guerra...,
eu funlle, ¿sabe?, eu fun soldado...*

Andoriña , de aquí para aló, sempre voando...

De nada importa que teñas perdido para sempre o teu pasado;
hoxe aínda estas viva, aínda hai xente que sabe o teu nome, xente que
te coñece, que comparte un anaco desa túa felicidade...

E que, María, a Andoriña, non ten mágoa nin é, tan siquer, mal-
fadada.

María camiña mentres voa a Andoriña, sempre á esculca dun
morno berce que poña fin a unha vida de ruadas

Andoriña sempre, sempre María, na travesía da vida todos per-
demos algo, adrede, e hai xentes que se esquecen, e hai xentes que coi-
dan atopalo; pero, Andoriña muller ou María paxaro, tamén hai xentes
que prefiren dedicar toda unha vida á vida, aínda que, as malas lin-
guas, lles chamen escarriados.

*....fun soldado!, ¿sabe?, nacional porque cadrou;
foi no trinta e sete...,
en Xaneiro do trinta e seis perdín a perna
e mailo brazo...;
foi.., ¿sabe?, foi en África...
Andoriña era boa moza,
¿sabe?,
diga que llo dixo un caballero mutilado...*

Malas linguas de xentes enloizadas, da noite para o día, de
sochape, deron en chamalle Andoriña con asaño; aínda así conquerín
a liberdade, levei de ñapa a María que buscaba, atopeina na Rodma
asubiando, tan leda como sempre a lembraba...

Andoriña, miña Andoriña; Andoriña de nostalgia...

SANTOS, O ANARQUISTA

Aconteceu na comarca do Orcellón, nesa terra que hoxe chamamos Carballiño, fai desto xa ben anos...

Pero, denantes, quixera preguntarme para farta-la dúbida da ignorancia; quixera, ó fin, entender onde está o Paraíso dos ateos, esa nada que sempre é algo.

Se atopo respostas podería podería contarvos, deseguro, a historia viva dun home san.



“Non creo nos sistemas, nin nos líderes e moito menos nas leis dos politicastros.”

“O home naceu ceibe, ninguén ten porque face-lo medrar manso.”

“A liberdade é represiva porque está sometida polos lexisladores, esas minorías dirixentes que din interpreta-lo ben común; as mesmas que crían entelequias baixo o nome de Constitución ou Estado co único fin de perpetuarse a forza de manipular vontades maioritarias...”

A Santos, como é de ver, sempre lle chamaron o Anarquista; aínda así, coido eu, a el tanto lle daba.

E foi unha figura senlleira, unha desas que souberon superar a ignorancia, que voaron polos ceos no lombo de brancas pombas brancas, de brancas pombas azuis, ou de azuis pombas laranxa.

Santos era pequeno, moi pequeno, pero endexamais puido ser insignificante...

E, Santos, rubía as iadas encostas do infinito camiñando cá donosura fachendosa de quen, pese a todo, sinte orgullo dos seus farrapos. Quizais por elo, a Santos, non era estraño atopalo de mañá asubiando; vivía a vida das xentes ledas e contaba a miúdo que sabía falar na lingua dos paxaros...

*“Maioria son as Ovellas e é o Pastor quen manda,
quen sinala o camiño,
quen fixa o tempo da mesta,
quen decide cal vai a ser o pasto.
Sicarios do Pastor son, sen dúbida algunha,
o Lobo fero e o Can manso.
O Can executa as ordes, impón as leis que outros trazan;
mercé a elo o Can come quente e dorme ledado,
sempre a porta do lar do seu Amo.
O Lobo é aquilo que,
aínda que estorba, nunca está por demasiado.
O Lobo é un mal bo,
sen el Pastores e Cans serían innecesarios...”*

Velo tripar terróns con asaño, de mañá, non era raro; dicía que o labrego mantiñase manso porque tiña máis posibilidades que ninguén de descargar nos terróns a súa agresividade.

Santos era, a súa maneira, a damocliana espada sempre disposta a abaterse no pescozo de calquera aventureiro ou de calquera politicastro suficientemente ben desinformado...

*“As ideas son a pólvora das revolucións,
pero a pólvora xamais estoupou por si mesma.”
“Unha revolución é coma unha bomba,
coma un foguete das festas;
precisa da pólvora das ideas pero tamén dun fogueteiro que o acenda.
Negarlle a mecha, os mistos e quen a bote
é facer imposible que a bomba colla no ceo a súa realidade,
esa sen a que non hai festa, sen a que non fuxe o medo...
Se cada un dos elementos está illado,
xusto ata o intre en que unha necesidade vital fai que se xungan,
a bomba e a festa non son máis que utopías
e tampouco o seu estoupido vai máis aló de ser potencialmente teste-
muñal
ou imaxinario...”*

Dicir que Santos era un filósofo popular sería, inseguro, contradic-la súa esencia.

Santos xamais quixo ser mais que un cavilador impenitente, que...

*“...cavilando nas mentiras atopo as verdades,
e viceversa...,
atopo, amigos meus, a miña esencia.”*

Aínda así, había moita xente que o apreciaba, que sabía agoirar nas súas verbas a leda utopía dos que non menten ou non se enganan, que ven a ser o mesmo. E que Santos era pequeno, moi pequeno, pero xamais conquistou ser insignificante...

*“Ningún hai que poida calibra-la potencia da bomba,
nin, tampouco,
quen saiba canto vai rubir nese emprestado ceo emprestado;
os que o tenten acadaran,
por méritos propios,
categoría de demagogos.
Agora ben,
aqueles que tenten controla-la ou somete-la serán necios,
teocráticos xoiñas ou, sinxelamente, parvos.
Someter unha bomba, amais de imposible, é muda-lo seu engado,
descompoñer a súa orixe baixo a falacia de organizar,
de conducir unha festa de xentes ceibes,
á que viñeron
pero a que non foron chamados...”*

De Santos hoxe quedan osos brancos, un esquelete máis que podrece soterrado entre acenos de mortes fartas, nun cemiterio aldeán ó que, de cando en vez, de vez en cando, brancas pombas azuis veñen na precura do pasado.

Non vos vou dicir se morreu ou se o mataron, tan só clarexar que estivo aquí, que foi parte da nosa historia, que aínda é un chisco de pasado...

Abofé que sei que sempre quixo morrer, pero tamén sei que lle doeu ver como o enterraban; ata pode ser que, de coñecelo, quixera pór no cadaleito unha frase, quizais *“perdoe que non me erga”* ou calquera outro grouchiano epitafio...

***“Aínda que as revolucións tan só as bombas se asemellan
-sempre na máis pura lembranza das verbas do Santos-,
sempre hai revolucionarios-fogueteiros que se senten posuídos,
din que polo espírito benfeitor da comunidade,
e tentan dirixir xa non só a traxectoria senón o mesmo límite dos ceos
ou das almas.
Son aqueles que non son, os que din que alén de certos lindes
todo é contrarrevolucionario.
E é que, amigos, son un pouco parvos...”***

**Todo esto aconteceu na comarca do Orcellón, fai xa ben anos...
A Santos dixéronlle adeus cun responso e unha misa, ata pode
que con algún canto gregoriano...**

**Son as paradoxas da vida, a mágoa da realidade, a conversión
post-mortem dun ateo a bo cristián.**

**Anos despois eu quixen, humildemente, facerlle un pequeno
homenaxe a este escuro home san; e Deus sabe que procurei verbas,
que andei a procura de anaquiños de tempo no espacio.**

**E atopei silencio a mans cheas e, aínda así, quixen un réquiem
de tenrura para deixar no ceo un tardío epitafio...**

**E que Santos era pequeno, moi pequeno, pero endexamais
soubo ser insignificante...**

PEZA PARA UN ANXO, DO CEO

Como seres que naceran neste tempo agachaban agonías, prantos e esperanzas...

*Rapaz,
¿escrebeches algunha vez un conto erótico
asexuado?.*

¿...?

*Rapaz,
¿serás capaz de relegar ó sexo a un papel nidiamente secundario?*



Cruzáranse os camiños de ámbolos dous cando, ámbolos dous, percorrían diferentes direccións na inmensidade da distancia...

Non o sei; pero, ¿val a pena intenta-lo?

A mornura da taberna foi o cómplice, o viño do país convidounos a comunicarse...

*¡Val a pena rapaz!,
a xente non concibe erótica sen o sexo,
o erotismo asexuado...*

Sentiron caladamente un arrepío, o desamor de cada un xun guiou nunha soa aquelas dúas almas solitarias...

*¿Como que non?,
¿que dis...?,
¿acaso os amores platónicos non son plenamente asexuados?*

Rexeita-los estigmas morais non é doado, o deber de decidir apresa que convén...; esa obriga moral que tanto e tanto nos inculcaron...

*¡Que non rapaz!,
o amor platónico é, por definición, anti-sexista.
Eu estou a falar do erotismo...,
da plenitude...,
de clímax e orgasmos...*

Era preciso converxer ou separarse, pechaba as portas a taberna,
o viño facía tempo que se tiña acabado...

*Eu tamén estou a falar das preocupacións sexuais
patoloxicamente esaxeradas...*

Sáiron separada e paseniñamente xuntos, a rúa recendía silen-
cio aínda que a luz da farola poñía un chisco de ruído á escuridade...

¡Para o carro rapaz!, non é deso do que eu falo...

A luz era o inimigo, a súa unión precisaba un mouro cómplice
mouro, unha paisaxe de verde escuridade...

*Ben..., moi ben...
Referiraste, entón,
o termo que designa a aptitude da excitación
e da actividade
de certas zonas corporais para se acompañaren de pracer sexual...*

Separadamente camiñaron, paso a paso, pegada a pegada...

*¡Deixate de caralladas!,
rapaz,
¡deixate de retóricas caralladas!
estou falando do sexo sen sexo,
do erotismo dimanante da sensualidade das palabras neutras,
que non son femias nin machos...*

Pero a luz da noite fíxose dona do tempo e do espacio, había
que buscar un teito baixo o que dar renda solta a si mesmos e as súas
circunstancias...

*¡Xa te entendo!,
ti fálasme dun erotismo universal
prescindindo das desviacións e das palabras...*

Un teito aséptico, un leito asexuado, unhas tebras infindas, un cobertor de lá, unha mesa, unha fiestra, un bo cadro...

...moitas cousas para un amor tan sinxelo, para unha paixón que de tan pouco precisaba.

*Vas entendendo,
rapaz;
vas pouco a pouco conectando...*

Non era sexo, ¡non!, o que anceiaban; quizais por elo remataron a noite confundindo a suor de ámbolos corpos e mesturando a ironía das súas palabras...

*Será como escribir o anti-sentimento,
case como crear un novo xeito de amar
ou de sufrir...*

Aínda así o amencer trouxo a cordura e acharon, no novo día, un porvir común que encetaron cá voracidade de virxes vestales...

*Ben certo,
rapaz;
se o conquires falaras,
por vez primeira na historia
como falan os anxos...*

Cada un voltou ó seu lar, o ritual de desandar en segredo o camiñado enchía cada súa alma particular de anovadas enerxías, de renovados ánimos...

*¿e ti quen es...?
Eu son aquel que está canso
de ler historias de homes,
de escribir para seres con sexo.*

**Non sabes canto anxeio
facer miña unha desas historias de amor
e paixón,
que contan as máis belidas lendas...**

**¡Xa!,
¿pero ti quen es?**

**Eu,
rapaz,
son un anxo do ceo...**

...fíxose o día.

...a noite era un anxeio afastado.

**Como seres que desamaron neste tempo agacharon agonías,
prantos, esperanzas...**

RAPAZ, GRILO E PIÑEIRAL

Porque o día ten que descansar,
nace a noite cotío; a fío, de sochape, o sol
fica para lonxe, a vida deixase ir indo, un
abaixar tellados acaroados chegaba a
Pazos...

... a Viduedo
... ó Piñeiral.

Din que os grilos choran cando a
noite nace no Piñeiral, no socalco infindo
do seu mundo de tocos pequeniños, de
farturas melódicas cheas de medos e pre-
saxios.

Aínda que semelle mentira os grilos teñen alma, sofren e cho-
ran porque o infinito fuxe apresa, porque o horizonte está, cada día,
máis lonxe e porque a luzada da lúa no verán obrigaos a traballar para
que outros deleiten das harmonías da súa gorxa...



*Chora un grilo na noite,
na encosta da Martiñá,*

Confeso que fun rapaz; de pequeniño tiña a ben ir meterme cós
grilos no lameiro do piñeiral, a fugar cobizoso na escuridade arredon-
dada daquel burato, que era a fiestra do mundo para o mouro averno
ledo no que vivían uns grilos que cheguei a amar, que non podía por
menos que dicir meus, posuíndo unha liberdade que tampouco podía
escravizar.

Sempre a espreita, tiven moitas veces medo; ¡quen sabe se alí
non había unha serpe pezoñenta que, enfarrucada, non cavilaba en saír
para crava-los dentes na miña man de neno!, ¿...quen sabe?

Así, nas horas de mor espanto, albiscaba, nas tebras da escuri-
dade, un par de olliños feros que raiolaban como fachos acesos e agar-
daba...

...agardaba, sen folgo, a inminente saída.

Hoxe, toda unha vida despois, aínda agardo...
...aínda percuro ollións no toco dos grilos para ter medo de novo, para lembrar xeiras doadas e nunca ben esquecidas...

*miña nai eu teño medo
e quero en ti acougar.*

Entrementres, ¿quen sabe o que pensaba ese grilo grileiro que eu importunaba?.

O certo é que ninguén pode conquista-la sombra de si mesmo, que a ningún de nós se nos permite rubir ceibemente polas escadas da imaxinación e poder, así, troca-la realidade en témeras pantasma que conquiran para nós a abstracta nao da fantasía.

...entre os carballos, algunha vez vin fuxi-la miña esperanza nunha tola carreira, que enchía de espiñas o meu corazón e que fartaba de consciencia o deseivo animal da sociedade.

Nunha pregaria cotián, agardei durante anos a resposta que irradia de cada raíño de sol na soidade; precurei lonxanía na proximidade...

... voei nas ás da tolemia absoluta para coñece-la orixe do ár
... sementei amizade a sabendas de que só unha de cada cen sementes xermolaría...

...e loitei con Deus porque non o precisaba.

*Medos de tempos nenos
fixeron home ó rapaz;*

Os grilos non eran...

os grilos non foron máis que unha escusa para conquistar, máis propiamente, a soidade que precisaba.

Era esta unha maneira como outra de ser soberano, de cavilar no que fora, sen estar sometido a censura das regras e das leis...

... de huiar e rematar calando

... de abranguer o frémito para seguir loitando...

*medos de tempos mozos
en neno o trocarán.*

Os grilos do Piñeiral, atobados nun burato escuro e amedoñados polo pábulo de luz que delimitaba os lindes da porta ou da fronteira exterior que os protexía do mundo, coidaban ser ceibes

Hoxe grilos somos todos...

...onte o fomos tamén e, quizais, mañá sexamos outravolta os grilos que semellan ceibes porque gozan da gaiola; esa gaiola autóctona, criadora dun apartheid consciente en aras de percurar unha seguridade que fora semella que non temos.

*Silandeiro chora un grilo
na encosta da Martiñá,*

Filosofías aparte, algunha vez saía un grilo da terra...

... do toco

... do Piñeiral.

Cavilaba eu, entón, se o facería porque era máis valente que os demais...

...nembargantes, segundo saía, fuxía apresa e, tamén apresa, percuraba por entre as herbas, de novo, a seguridade do toco...

... da Terra

... do Piñeiral.

Cheguei a escoitar a súa palabra, maldicindo o rauto que o empuxara a saír.

¡Si!, cheguei a escoitar como, inqueda, se preguntaba polo porvir dos heroes arriscados..., do toco..., da Terra..., do Piñeiral...

*na noite que presaxia o día,
enchendo a miña soedá.*

Inevitabilmente ficaba na gaiola que eu levaba para aquel grilo descoñecido, que eu confiaba en apreixar...

Na volta, o grilo non respostaba as preguntas que lle facía caladiñamente.

Eu quería saber...

(Case que tódolos nenos queren saber)

... se o feito de saír do toco era de medrán ou, pola contra, de xenerosidade extrema para salva-los seus irmáns.

Sempre entendín que nin el mesmo o sabía, ben certo é que eu

non tiña tempo para unha análise máis fonda. Os nenos teñen un tempo pequeno, metido nunha gaiola feita cá presa dos nenos máis grandes...

... deses nenos grandes que viven na Terra,
... no toco,
... no Piñeirral

*Chora un grilo na noite,
na encosta da Martiñá,
miña nai que eu teño medo,
miña nai,
¿onde me estas...?*

No Piñeirral ficaban os feitos, aqueles feitos consumados que diría alguén; a súa interpretación trocaríase segundo quen fora o intérprete e, probablemente, ningún dos intérpretes se achegara a realidade...

...para uns sería un mártir da causa,
...para outros un covarde que fuxía,
...para min tan só era un grilo; ese grilo que apreixei onte no Piñeirral...

HISTORIA DE NENO DESAMADO, CO PAIS DE ETREM Ó FONDO



E foi así que o vello ani-
couse ledo para recolle-lo raíño
de sol que amornaba aquela
secular Terra escravizada...

...eu chegaba a Etrem, afogado polo mundo, anoxado pola vida,
canso e derrotado pola nostalxia.

Unha ollada chegou para sentirnos comunicados. O Vello das
terras de Etrem e o escribidor, falando desde o silencio dunha xeira sen
tempo; chea, cada vez máis, de circunstancias desgraciadas.

E o Vello de Etrem, paseniñamente, ergueu os seus cansos osos
e abriu os beizos para encetar unha historia, unha historia pola que eu
tanto camiñara...

*Como pano de fondo un son,
palabras musicadas por bágoas,
enchía un mesto vento que afogaba.
Eran os curtos relatos de cando, estando fora, algúns escribían
como se estiveran "Sempre na Nación Proibida",
quizais porque escribir desde a lonxanía é mais doado
ou porque moitos perden, no regreso a Patria,
a esencia do que, no exilio, precuraron.
Quizais sexa entón que Madrí é Madrí,
esa capital centralista dunha patoloxicamente irreal España;
unha España de escravos que viven baixo o xugo dun "español"
que nunca foi mais que "castellano".
Quizais por elo Madrí é un histórico aldraxe,
un sinfín de despropósitos,
unha coveira ou un oso-animal tentando de trepar por unha árbore...
E en Madrí, con ser Madrí, ensinaba eu, un galego emigrado.
E en Madrí, con ser Madrí,
había outros galegos que tiñan nenos,*

*outros galegos que resistían insubornables
o imperialismo idiomático dese “español”
que nunca foi mais que “castellano”
Porque en Madrí, con ser Madrí,
hai tamén relatorios que están cheos de metáfora...*

A noite quixo escoitar, sentouse á nosa beira namentres a lúa acendía un Winston co lume dun Bic que sostía unha Estrela Polar a anos luz de distancia...

Calamos todos, os dous, o Vello máis eu, para escoitar a historia de Erem, recompilada nas valeiras páxinas dun libro en branco pola caste dos Máis, en Madrí, alí onde os relatorios están cheos de metáforas.

O vello comezou, había na noite un arrecendo de xeadá...

*En Madrí, con ser Madrí,
hai tamén relatorios que están cheos de metáfora...
E Remixio,
un máis dos galegos emigrados,
facía de mestre en calquera escola,
en calquera enderezo, en calquera noitada...
Contaba, anos despois, o Remixio,
que agora era detective privado,
como sentira rebulir aquel seu sangue
Contaba, anos despois, Remixio,
o mestre, o emigrado,
como pingaban as bágoas daquela cariña infantil de neno,
fillo de pais que, tamén, emigraran...
Don Remi, ¡non me queren...!
Don Remi, ¡meus pais non me aman...!
¿Como non te van querer meu neno?,
¿como non van querer teus pais o froito das súas entrañas...?
Don Remi, Remixio, o mestre, o emigrante,
ergueu ó ceo de Madrí unha ollada tentando atopar a razón
da sin razón
que o neno prantexaba...
En Madrí, con ser Madrí,
hai tamén relatorios que están cheos de metáfora...*

O vello suspirou, había na noite un aceno de inquedanza...
O vello espírito resistía, a fala, mal que ben, aínda se falaba...
O vello continuou, seguía habendo na noite un arrecendo de
xeada...

*En Madrí, con ser Madrí,
hai tamén relatorios que están cheos
de metáforas...*

Don Remi, ¡que é certo...!

Don Remi, ¡que meus pais non me aman...!

**Pero rapaz, pero neno,
¿como dis eso?, ¿non ves que teus pais ven po-los teus ollos?,
¿non ves que os teus pais?**

**-rematar antollóuselle a Don Remi, a Remixio,
unha tarefa inmensamente complicada-**

Don Remi...,

¡que si...!, ¡que meus pais xa non me aman...!

***En Madrí, con ser Madrí, hai tamén relatorios
que están cheos de metáfora...***

O vello ergueuse, había na noite un crescendo aterrecedor dian-
te da memoria histórica que falaba...

... estaba alporizado, había na noite unha tensión trágica.

Lembrei o meu pai, anos antes, cando non morrera, cando me
falaba. Meu pai díxome cousas que o seu avó lle contara, que a verda-
deira historia non se escribe, que se fai día a día como a vida, que se
saborea noite a noite como as lembranzas...

*En Madrí, con ser Madrí,
hai tamén relatorios que están cheos de metáforas...*

¡Contame rapaz!,

que quero saber porque dis que teus pais xa non te aman...

En Madrí,

con ser Madrí,

***hai tamén relatorios
que están cheos de metáfora...***

Anicouse o vello cun aceno de adeus na súa alma, había na
noite unha resignación chea, cheiña, de esperanzas...

Pero vin unha estrela, unha bágoa de orballo; gustaríame que virades como choraba a noite, tristoña polo conto do vello, pingando ata Venus as súas bágoas...

Eu voltei; cá volta, pouco a pouco, achegueime á realidade ou, quizais, ¿quen o sabe?, era a realidade a que se achegou á miña alma...

En Madrí había cristos, folgas e manifestacións con revolucionarias proclamas todas, todas elas en castellano.

Naquela xeira todo, todo en Madrí, tiña patente ianqui; pero en Madrí, con ser Madrí, había tamén cidadáns de Etrems refuxiados que levaban o espírito dunha Terra e dunha fala...

...pero eso é xa outra historia, unha historia que quixen contarvos, mesturada...

*En Madrí, con ser Madrí,
hai tamén relatorios
que están cheos de metáfora...*

*Don Remi, ¿sabe vostede que cando falan entre eles
meus pais falan sempre en galego...?,
¿e sabe que cando falan cos seus pais
tamén o fan no galego que eu falaba
na Galicia, fai xa moitos anos...?,
¿e sabe que cando falan comigo
empregan sempre o idioma "castellano"...?*

*Si rapaz, eu sei que é así...
-dixo Remixio, o mestre,
que unha vez estudiara no Seminario-,
pero ¿que ten que ver?*

*Moito, Don Remi,
ten moita importancia;
eu penso,
verá vostede,
que eles fálanse en Galego porque se aman...*

*En Madrí,
con ser Madrí,
hai veces nas que sobran
as palabras...*

NICO, XICO E A LOURA APÁTRIDA

Na soidade daquel Bar, un bar con maiúsculas porque Bar era sen máis retortos apelidos, os marelos ollos do limón raiolaban; era o intre exacto e fuxidío no que o Alén enténdese como o máis preciso sentimento de dous namoramentos simultáneos.

Nico tiña un calar por voz das palabras...

Xico era un mesote vello, de pao de vimbio, de xesta, de carrascos ou...

¡...ou de queixo se lle cadra!

Nico pousaba espelido en Xico dúas indecentes partes; ¡parecía mentira!, ¡dez horas alí e Xico non cansaba...!

Unha ducia de moscas, de tabaos veraneantes que viñeran coas súas donas a toma-las augas ó Balneario...

¡As vacas!, malas bestas ou benqueridos hipermercach de branco leite non adulterado, remataban de pasar e a rúa non recendía moi ben que digamos; era un cheiro a herba remoída, a novela de cinco pesos ou, ¡como non!, a soños de vaqueira aldeán trinta e tres veces namorada...



*¡Parece mentira!,
¡¡a "caña" a cinco pesos....!!
¡Manolo!, ¡ladrón!,
¿en qué carallo estás pensando?,
¿ou é que puxeches unha gasoleneira
desas das da "Campsa" ...?*

Nico rebuliu un chisco, tan só para espanta-lo fume do cigarro emboquillado que emerxía seductor dun cinceiro cheo de papeliños brancos.

Nico era un xoñas...

Nico era parte da paisaxe daquel Bar...

Nico era a eterna prolongación de Xico...; como xa dixeran, Xico nunca foi máis ca un vulgar mesote de pao de vimbio avellado.

De súpeto, o claxon rachou en trece un serán de longas horas calmas; un serán de oito ou de quince horas xa que os seráns de Nico tiñan medidas persoais porque, desde neno, Nico xamais quixo ser paisaxe dun serán de horas normais ou normalizadas...

Na Telegaita botaban un filme que levaba sesenta anos de moda, un spaghetti-western máis onde as coristas facían anuncios corporais de refrescantes augas de cheiro ou de virxinais tampax de usar e tirar que eran milagreiros finos y suaves con eso da liberdade...

Nico ergueuse, era o intre exacto de mexar, de por no xiradiscos unha moeda de cinco pesos, tamén, tamén era o intre exacto...

Había que escoitar aquel disco raiado que impenitentemente ofendía ás orellas cun anaco da Cantiga, unha cantiga con maiúsculas, a Cantiga que Nico deprendera a amar tarareando...

*¡Gin live rock, ...rock, rock!,
forever nun sei que....,
tararara-tará...*

Nico xamais soubo o que quería dicir, a traducción exacta; pero, despois de todo, ¿a quen lle importa o significado dunha cantiga namentres sexa parte dunha vida particular ou da esperanza?

Contan os máis vellos -bela formula retórica que permite unha certa autoridade- que esa era a peza favorita dunha loura turista apátrida que asolagou un chisco da súa vida nas rúas daquel pobo, do pobo de Nico, no pobo do Bar onde Nico e Xico eran mobles ou reliquias dun antonte demasiado preto, dun mañá que loitaba por chegar e non chegaba...

*¡Gin live rock,
...rock, rock!,
forever nun sei que....,
tararara-tará...*

Din que o Nico, unha vez, fixolle o amor a aquela loura apátrida de pernas tortas e birollas pestanas...

Pero, ¡eso si!, un amor eminentemente psíquico, onde o sexo non era máis que un engadido de suma importancia; contan que todo foi nun intre de tres suspiros, no pestanexo dunha bágoa acebolada, no percorrido dunha cunca de Ribeiro auténtico entre a sucia mesa e uns beizos-macho famentos de homónimos femia que os arrolaran.

*¡Gin live rock,
...rock,
rock!, forever....,
tararara-tará...*

...parece mentira!, ¡face-lo amor nun intre de esperanza...!

Pero aínda hai máis; contan tamén que as trementes mans non sostiveron axeitadamente aquela branca cunca de Ribeiro, do Ribeiro-Ribeiro, de Ribadavia; contan que sen quere-lo o branco néctar prin-gou de pequenas filigranas a camisa dos domingos que, tódolos días, Nico levaba...

Naquela data Nico non soubo que facer, ¡quixo pouasa-la cunca!, ¡quixo limpa-la camisa!, ¡quixo sorrir!, ¡quixo morrer ou fuxir...!
... non fixo nada!!!

*¡Gin live rock, ...rock, forever nun sei que....,
o xiradiscos soaba.
E que estaba atondado, ¿que lle queres?,
a loura estranxeira tíñame adoecido,
¡fodido!, ¡queimado...!*

Tolearon todos, de resultas dese imperioso desexo de facer algo, Nico armou tal barullo que trocou no centro de atención dos felibreses do Bar e dos que, estando fóra, ó sentir bruído penetraron...

...pero tampouco pensedes que eran moitos; en total catro tabaos, sete moscas, un café con leite e dous mosquitos afogados...

... e tamén a loura apátrida e dous raíños de sol que daban fé dun sol exterior xa moi afastado.

*E que estaba atondado, ¿que lle queres?,
a loura estranxeira tíñame quente,
¡moi quente!, fumegando...*

As meixelas rubiron vermellas cores dunha situación ensoniñada, ridiculamente estúpida, ridiculamente desusada...

*E...¿que lle queres?,
a loura estranxeira tiña nas súas mans a miña gaita...;
¡entende ben rapaz!, ¡non me sexas malpocado!,
eu son gaiteiro e a loura apátrida estaba deprendendo
a toca-la...*

E foi así que a loura apátrida sorriu, coma se nada; Nico tremeu no máis ledo orgasmo; agora si, ¡agora estaba seguro de que ela o amaba...!

¡Parecía mentira!, a loura apátrida fuxiu na noite e levou con ela os derradeiros raios de sol daquela tarde.

Desde aquela Nico e Xico están prometidos; os dous lembran a cotío a loura apátrida, os dous lembran os tres suspiros de frío que deron pé a esta peza curta...

... ou namorada.

CONVERSA CON TARA

Tara levaba alí, encadeada ó aire moitos anos, recuncando na soidade en banda...

Tara era pequena, máis ben escasa, fea, moura e chea de mágoa...

*¡Xa está ben!,
¿ti que estas a dicir?,
¿pero en quen estas pensando?
eu son belida, eu son leda e, desde logo,
non sei que queres dicir cando falas de
"encadeada a noite"
ou dis que estou "recuncando en banda 112 "*



Digo, Tara, expresións puramente literarias, frases cheas de contido, definicións axeitadas cheas de harmonía e fartas de metáforas...

*¡Pois non hai Dios que te entenda!,
¿para que queres complicar todo tanto?
a min o Manoliño,
cando fai moitos anos aínda me namoraba,
chamábame "parrula"
ou "galleira", ou "castora";
¡se ti souberas!,
¡o Manoliño si que me tunaba!,
¡díciame tantas cousas!,
¡chamábame sempre polo nome das súas vacas...!*

Pero Tara, ¡por Deus!, que estou a facer literatura...

Pero, Tara, ¿non te das conta de que te estou inmortalizando...?

*Boh!, ¿para que quero que me inmortalices?
¿lémbraсте de Don Pepe...?,*

*¿do “Ribeirao” da Canda,
pois a el tamén lle fixeron eso da inmortalidade e,
o pouco tempo,
morreu de cancro...*

Tara, eu non sei quen era o Don ..., ¿como se chame!; e ¿que é iso de que pouco despois morreu de cancro?

*¿Ai amiguiño!,
eu non teño letras pero seiche moi ben por onde ando;
¿non te lembrás?, ¿pois si que andas desmemoriado!;
¿e logo non sabes que cando o “Ribeirao” cobrou a venda do lameiro
da “Campaza”
mandou vir ó “fotrografo” para que o retratara?...
¿Ai amiguiño!,
ti de letras saberás moito pero a min non me enganas...*

¿Vamos muller!, ¿que ten que ver a fotografía co cancro?, ¿que-
res dicirme que todo elo esta relacionado?

*Mira, rapaz,
eu sei ven o que me digo;
crealo ou non veu de Ourense un “fotrografo”
e Don “Ribeirao” dixo a todos que viña a inmortaliza-lo;
a min xa me pareceu cousa de bruxas...,
¿eso vai escontra a lei divina!,
eu confeseime só por escoita-lo...*

¿Vamos Tara!, déixate xa de burradas, déixame escribi-la túa historia.

Vou ver..., agarda..., ¿si!, ía dicindo que estabas presa do ar-
rendo da lúa, que baixo a saía gardabas unha ducia de estrelas e sesen-
ta noites de...

*¿Que dis?,
¿pero home de Deus!, ¿é que non podes falar como a xente?,
¿alma cándida!;
díxenche que non quero que escribala miña historia,*

*que non quero andar na boca das xentes e que,
como son "probe",
non teño ansia de conquistar eso da inmortalidade...*

E que mira, Tara, eu son o escritor, o literato; desexo acadar a fama, teño que contar historias como a túa, de xentes mornas, de xentes tesas, de xentes calmas...

*Por min, rapaz,
¡podes irte pro carallo!;
¿E que non ves que non quero andar na boca das xentes?;
eu non che son unha "xudía",
nin tampouco quero que a xente me teña por unha abarritana...
¡Déixame!, ¡fuxe!, ¡lisca!,
eu nin son morna nin,
como dixeches antes,
"gardo baixo a saía" máis que as bragas...*

¡Non Tara!, ti malinterpretáchesme; eu estaba falando en metáfora...

*¡Pois ten coidado rapaz!,
¡que todo empeza por falar en "metáforas" e logo ¡pasa o que pasa!;
a xente éche moi ruín,
todos, ¡todos teñen boas absolvedeiras!;
¡¡Recontra!! eu sei ben,
cando viñan os mozos da tuna
dicían todos que tiñan fonda na miña casa...*

¡Por amor de Deus Tara!, ¿queres facelo favor de calar e deixarme que conte a historia que teño encetada?

*E que a xente é ruín, ¿sabes?, sonche todos peor co díaño;
xa sabes que eu son aberta de xenio,
vamos, ¡que non teño medo de nada!;
pois antonte, sen ir máis lonxe...*

¡Tara!, Tara...

*...díxome a Ramona,
a “Fedella”, ¿xa sabes?,
que puxeran a boca en min por traer un remendo na saía;
pois eu díxenlle,
¡que para eso deume “Dios” facilidade na palabra!,
mira “Fedella” eu traerei remendos pero ti,
¡ti non tras bragas!,
se viras a que se armou, ¡aquelo foi unha acabación..!*

Mira Tara, eu quixera contar que...

*...e colleu e arremangouse a saía
e alí, ¡diante da xente!,
ensinou as entretelas e deixounos a todos abafados;
¡válame “Dios”!,
¡que tal cousa non foi obra de xente corda!,
¡que foi arrouto dunha perdida
que non sabe que ten tres fillos e...*

Tara, mellor é que o deixemos porque eu quero facer literatura e o que dis non vale para nada.

*¡Abofé que si!,
pero colle o meu consello, rapaz, ¡que túa nai era unha santa!,
escoita, ¡polo teu avó!, que na pace de “Dios” teña descanso...
Eso da “literatura” éche un conto,
¡déixate de parvadas!,
o que valen son as historias reais, estén mellor ou peor contadas...
¡Por certo!, ¿sabes que...?*

¡Claro Tara!, ¡que remedio...!; hai veces que se contan historias sen contalas...

NENA LOURA

*Pai, quero que saibas...
as cousas eiqui non son como pensaba...*

Fuches para Alemania, rapaza loura,
un fillo ilexítimo, tras de ti, ficaba...

Rubiches cansa no Talgo da media-
noite o tren que te ía levar ata o destino, en
dúas etapas.

E chorabas, nena loura, chorabas
como se a rabia e a impotencia sulagara os
azos e as lembranzas.

¿Dime de que foxes?.

¿Dime de que escapas?, nena loura de dezanove cumpleanos...

Pai, as cousas eiqui non son como pensaba...

¡É a vida!, ¡cantas culpas ten a vida do que fai a sociedade...!

¿Para que quere teu fillo un pai que non o ame?, ¿para que que-
res ti un estado legal se endexamais estiveches na ilegalidade?, ¿ou é
que acaso ter un fillo de solteira é delinquir?, ¿ou é que acaso coñecen
tódolos fillos os seus pais?.

Nena loura de dezanove primaveiras de rapaza...

Pai, as cousas eiqui non son como pensaba...

Nena loura non fiques lonxe, ¡non te vaias!, que aínda fai pouco
xogabas leda ás abelliñas, que aínda fai pouco mesturabas risos e espe-
ranzas...

Abaixábanse os tellados, a noite era mais noite cando na esta-
ción oíuse o xemer do Talgo, do tren que ía para Madrid, do tren que
levaba a nena loura de dezanove cumpleanos...

Pai, as cousas eiqui non son como pensaba...



Tiña a man nas abeacas, aberta de pes pingaban as súas bágoas; enxeitou como un paxaro, fuxiu lonxe para procurar esquezo na distancia...

O Talgo, chegaba o Talgo; un boleto de terceira de ida só, a volta non entraba no seu cálculo...

Nena loura, ¿por qué non mercas un boleto para quedar?.

¡Cala!, non digas nada...

...os boletos de volta tíñanse, para ti, fai nove meses, esgotado.

¿Por qué tan só as nais teñen que pagar?, ¿dende cando unha nai solteira é a única responsable?

¡Temos que cambialo todo!, nena loura; ¡para as xentes de ben non nos sirve esta sociedade!.

Pai, as cousas eiqui non son como pensaba..

Pai, ¿Manoel como está...?,

¿xa anda..?,

¿xa fala...?,

Pai, estou moi soa...

Pai, ¡tí non sabes que grande é a soidade!

Pai,

as cousas eiqui non son como eu pensaba...

Nena loura de dezanove primaveiras, acarisadora de feitos de muller sendo rapaza...

Manoel está ben..., Manoel xa anda..., Manoel xa fala..., a xente, ¿que mais ten?, ¡volve!, enche de risos e suspiros a idade nena dun rapaz que non ten culpa, ¡non!, de todas estas cousas que pasan...

Nena loura, de dezanove primaveiras mal contadas...

Pai,

gracias...,

as cousas eiqui non son como eu pensaba...

NOITE DE TUNA

O pano de fondo dun novo día caía.

A noite de verán non era mais que morno relembro e aínda, ¡aínda!, o ensoñamento perduraba como neno farto, como esparaván intimo e infindo...

De polo que te escollín a ti é o de menos, aínda que ti me fagas agora debuar o teu recendo...

De polo que te escollín a ti é o de menos, aínda que houbo un tempo en que o lonxe ficaba, en nós, moito mais perto...

Si...

*Escollinte a ti porque parecíasme a mais bela,
porque en ti frolece o aire...*

...e as estrelas,

...porque sabes a mel e a estrume,

...porque es abisío ou precipito,

...son de inverno.

Pero houbo un tempo no que o alén estaba próximo, no que o vento era veciño, no que a liña do horizonte emerxía dun ichó que ficaba a medio metro.

Pero houbo un tempo no que fadas e gnomos xogaban xuntos, xunto a nós, á pita cega; un tempo de tempos, procurador de horas e de reloxos...

Pero, nena...

... rapaza

... meiga

.... ou vento, houbo un tempo..., ¡houbo un tempo...!

Si...

*Escollinte a ti porque parecíasme a mais bela,
...porque a brancura moraba no teu leito,*



*...porque lume eran e son as túas palabras,
...porque froito e flor é o teu peito,
...son de inverno.*

...houbo un tempo de acalcadas redentoras, de paixón e febre, de angustia calma; unha xeira na que inconsumible era a paixón, na que non nos chegaban nin as horas nin os beixos...

E fomos nenos de vidro que xogaban nese tempo, atopando segredos e calando para que outros non os leven; nenos azuis facendo castelos de area con terra e con bulleiro, pero xogando...

...pero xogando!, que moitos hai que non poden xogar, que moitos hai que lle teñen medo a este tempo.

Pero, nena, rapaza, meiga ou vento, hai un tempo..., ¡hai un tempo...!

Si...

*Escollinte a ti porque parecíasme a mais bela,
...porque quería angazar á noite con estrelas,
...porque perdera a cordura nas azas dos teus beixos
...son de inverno*

E na quente palabra perdida entre pedras de cordura, con can-teiros de lama entre bicos de paixón e croios de pestanexo, eu agardei da tronada a enerxía para labrar, con rellas vellas, eses teus beizos.

Porque aló, onde adoece ó redor e morren os espíritos, entendín que medrar ou devecer sempre é o mesmo...

E, nesta noite de tuna, para namorarte, voltarei a contarche que temos un redor de neon, de ferro, de cemento...

E, nesta noite de tuna, para namorarte, serei poeta sub-urbán ou Quixote doutros tempos...

E, nesta noite de tuna, miña estrela, agacharei en min o gran segredo: miñaxoia..., ¡¡escollín dez margaridas e morreron!!

Si...

*Escollinte a ti porque parecíasme a mais bela,
...porque tiñas dentes de marfil
ou de estrelas,
...porque cada vez que te vexo lémbbrasme á Terra,
...porque recendes a xeada e a carqueixa,
...son de inverno.*

Nesta noite de tuna espertarei, espertaremos, os dous, voando,
no mesmo ceo...

Nesta noite de tuna, ti mais eu, aloumiñados e ledos, por soles
vellos, por novos tempos...

Pero deixa que me cale, que garde en segredo o segredo do teu
nome, da túa esencia...

Pero deixa que te teña infinita, que non morran na materia os
fritos dos teus beizos.

E, cando a xente queira sabe-lo teu nome, cando queiran sabe-
lo teu enderezo, direilles que leva-lo nome dunha estrela...

... que non existes

... ¡que só eu te teño!...

E deixarei que a historia che dé nome, que cada un fale de ti
lembrando un sentimento...

Que non quero que ninguén te atope para que sempre sexas
miña..

... alén do mar

... alén do vento

... alén do tempo.

Si...

*Escollinte a ti porque parecíasme a mais bela,
son de inverno...*

... gardarei para sempre o meu segredo.

CARTA DE AMOR A UNHA ESTRELA

Decembraba estrelas e chovían bágoas de fastío; non nacera aquel día, ¡abofé!, para soterrala a ela.

Aínda así chegabamos de moi lonxe para facer de compañeiros dunha viaxe que non podiamos abranguer; aínda así, a cada pegada, anceiabamos deixar escrita unha carta de amor nas corredoiras infindas do uni-verso.

Namentres eu...

*Houbera querido traerche tódalas flores
da primaveira,
pero estabamos no inverno...*

Ameite a ti porque eras mais que un recendo...

...ameite a ti porque eras a mais bela...

...pero agacho o teu nome na miña alma, como se quixera que ninguén de todos o soubera.

O cemiterio de Ladancos deixaba ver as praias de Chantada, as árbores de Eirardea.

Chegabamos alí desde outros tempos, chegabamos alí desde outra xeira...

Atopeime, ¡como non!, co vello Pernas; escoitei, ¡como non!, a súa fachenda:

- ¡Que si, rapaz!, ¡que o leite vai a tres cadelas!; ¡que estou ata o canizo, rapaz, de quen goberna!

Paco Bieito ficaba para lonxe xunto o Coxo de Verdelos.

- Era boa rapaza, ¡non creas! -decía Luis Trebello para toda a audiencia- algo aloucada pero, ¡eso si!, acaroadada con toda a xente...

Namentres eu...

*Houbera querido traerche tódalas flores da primaveira,
pero estabamos no inverno...*



- ¿E ti como estás?, ¿andas nas Américas...?

Non Luis -digolle sen atendelo-, eu vivo agora en Ourense; ando metido a escribidor, ¡pouca cousa!; eu non sei o camiño das Américas...

Había veces que manter unha conversa facíase imposible; antollábaseme que era un xeito de cumprir unha liturxia oca ou, ¿por qué non dicilo?, de perde-lo tempo.

Pero ó redor sulagabame, impedía que puidera pór en limpo as miñas ideas.

Eu viñera alí para por ó día o meu pasado, o meu pretérito imperfecto; eu viñera alí para quererte, aínda que fora o día do teu enterro...

- ¿...non é así? -escoitei desde o alén a voz do Meco-

Pode ser..., ¡como non...! -respotei desde o alén tentando que voltara a conciencia-

- ¡Tí ves Manoel!, Xabier tamén pensa o que eu penso...

Ousar contradicilo era unha utopía; ademais, ¿a quen lle importa a realidade cando voa nas azas do relembro...?

Namentres eu...

Houbera querido traerche tódalas flores

da primaveira,

pero estabamos no inverno...

O inverno nesta terra é eterno,

miña amiga,

o inverno nesta terra é eterno...

Boto de menos, ¡si!, as acalcadas no palleiro; boto de menos, ¡tamen!, cando ti me facías moitas festas; boto de menos aquilo que mais quero, o teu donear de mañá cheo de xenio...

Eu vin aquí para quererte, para verte unha vez mais e para que medre a árbore do meu relembro.

Eu vin aquí para farta-lo meu presente, para afondar na relación, para conquista-la plenitude do teu feito...

Eu vin aquí para verte e xa te foras, para falarche e non había verbas nos teus beizos.

...eu vin aquí nun tempo de despois que non entendo, para atoparte morta no teu berce-cadaleito...

- ..dun día para o outro!; din que antonte aínda foi a Monforte mercar adobíos para a festa...

No adro facía moito tempo que morrera a tristeza; para todos non eras mais ca un corpo morto que agardaba terra...

Namentres eu...

*Houbera querido traerche tódalas flores
da primaveira,
pero estabamos no inverno...*

Tocaba a rebato a campá, falaba o crego de responsos a dez pesos...

Das entrañas da igrexa saíron catro vellas; dous rapaces xogaban á pita cega...

Afeito á man, o sancristán, pasaba a bandexa; o crego voltaba a falar de responsos a dez pesos...

...perdóame amiga!, tiven que fuxir do teu enterro...

Namentres ...

*Tería querido traerche tódalas flores da primaveira,
pero estabamos no inverno...*

MULLER SEN NOME, A QUEN NUNCA ESCRIBÍN NADA

Querida miña, amiga amada...
Muller sen nome, muller innomi-
nada...

...teño hoxe lembranzas que me
abafan, que me enchen de ardentía e de
fogaxe.

Muller-amiga, muller sen nome,
muller tronada...

... a quen nunca escribín mais que
con bicos

... a quen nunca dirixín ningunha carta.

Muller-nai, muller irmá, muller calma...

...que por terte ardo e non fumego, que por verte...

Muller sen nome, muller innominada...

¡Hoxe si!, quero escribir un uni-verso estrelecido de mil máxi-
cas palabras.



*Non é así, Xabier,
¡que as xentes falan!;
que din que tal ou que cual,
Xabier,*

que ti tes fama...

*¿De que me falas?, muller, ¿de que me falas...?;
as xentes son ben trapalleiras,
¡as xentes están coma cabras!*

*¡Que si Xabier!,
que coñezo as túas andainas.*

E logo...,

¡pasa o que pasa!

¿Pero que dis?, ¡muller!, ¿de que me falas?

*¡Sabe-lo ben!,
¡non me queiras facer parva...!*

Houbo días nos que espertei e non estabas; noites enteiras nas que, cadora, presentía a nostalxia...

Houbo xeiras nas que quixen ver alén da túa durmida, nas que procurar un vello tempo de suspiros e palabras...

Pero ¡que mais ten!, cheguei a berrar cheo de rabia; ¿pode alguén encadear a brétema ou o aire?, ¿pode alguén fuxir lonxe do tempo ou da distancia?.

E deprendín a morrer cando morrías, a despertar cando espertabas; e deprendín a masacrar as utopías, a xungui-lo tempo que escapaba. Todo foi para terte a ti, para bicarte; para encanecer arrolando a serea do teu riso, muller-amiga, muller-rapaza...

*Xabier...,
Xabier...,
¡que non medre
entre nós
a distancia...!*

Fartei ó vento de pregarías solitarias; sulaguei o aire en palabras musicadas...

...que de non terte mestureite coa morriña.

...que de non verte retrateite na esperanza.

Por todo elo, muller-amiga, muller innominada, non quero que teña un final esta historia; sei que haberá outros que queiran continuala...

*Xabier...,
¡que as xentes falan!*

Algún día, miña amiga, outros contarán por nós a historia que, de tanto vivi-la, non nos cansa.

Algún día, amiga miña, escribirei unha historia para ti, como se dunha carta na distancia se tratara...

E nacerá esa historia, para ti, con catro únicas palabras:
querida..., miña..., amiga..., amada...

Muller sen nome, perfectamente nominada...

“Por non ter , non tiñamos nin palabras...”

Leviathan
e o pintor de cadros de palabras

LIMIAR DESDE O TEMPO DE DESPOIS OU DA DISTANCIA

*"...nós acadarímo-lo de voando coas añas
da esperanza, ata facer realidade a utopía"*

Na viaxe infinda pola vida nada ten final, de nada pode dicirse que teña rematado, nada pode chamarse culminado. Velaí, certamente, o milagre de calquera acción creativa, de calquera aceno ou de calquera nostalxia.



Xa que logo esta síntese entre o diaño Leviathan e o pintor de cadros de palabras é filla lexítima dun parto único. Unha filla que ven a ser como un caderno de bitácora, como un resume de necesidades imperiosas, de mágoas súpetas, de ledicias instantáneas.

A comunicación sen pudores é a súa base, a recuperación do tempo vivido é o seu cometido e as contradicións íntimas a súa mensaxe; desde o tempo de despois non pretendo amosar ningún camiño xa que sobran os espíritos que sentan cátedra.

E desde este tempo de despois eu prefiro a humildade da imperfección, a humán liberdade de cometer erros.

Os Deuses tan só son meros escravos dos seus actos, seres que a forza de sentirse excesivamente preocupados por non errar acaban por non facer nada.

Nin quero ser Deus, nin quero ter importancia; eu reclamo para min a suprema liberdade de trabucarme, de ser un ser humán, de sentirme insignificante.

Penso, entendo e defendo que serei así máis ceibe e poderei servir mellor a miña Terra, a miña Nación, a miña Patria...

Quizais sexa porque estou canso de vellos heroes, quizais sexa a seguranza de que moitos deles non son máis que ferruxentas áncoras. Vivir máis tempo nun museo de momias, que acoutan a súa andanza, non é posible; arredor de min non quero xentes que invocando sacros nomes, de verdadeiros heroes, se fan donos da súa herdanza.

Velaí que remontei o tempo a ceacú e fun alén do presente camiño do pasado. Recollín metaforicamente cantos peregrinos, ultreias priscilianistas, himnos baixo os que moitos redimiron herdanzas de tempos inmemoriais.

E como entendo que a sensibilidade perceptiva ou a agudeza mental serán dous fortes aliados para quen herde unha nova humanidade, desexei escribir unha mensaxe entre liñas, que non en código, que si en metáfora.

Xa que logo tan só falta invocar a Leviathan, e é que teño visto que pregar ós Deuses de pouco vale.

*Non direi, non, desde aquí, que escribir é un primario anceio esgotado;
e é que, cando cavilo, no amencer, na soidade,
atopo xeitos e feitos que alí,
desde un antonte calquera, me agardaban.
Quizais por eso quixen facer esta escolma,
que che dedico, que ferve en min, que te presinte.
Ela é a seiva dos máis pobres, a fartura das ánimas insomnes ou,
pode que,
un tristeiro adeus desde calquera chantón erixido pola barcalla.
Pero dicir Adeus é dicir moito,
quero nesta orixe ser dono do sorriso,
explicar un por qué que non existe,
decidir, loitar,
vivir...
...andar ós tomballóns entre un horizonte de paixón
e a túa tronada.*

LEVIATHAN é para vós porque convosco quero viaxar alén do tempo e do espacio, na procura testán dun mañá posible, coa esperanza agardando nos socalcos de cada palabra, nunha espreita inqueda de min mesmo e de vós todos, coa seguranza de que entre a utopía e a realidade tan só existe un curto espacio cheo de moitos traballos. ¡Que algo de min sobreviva!, Leviathan, o diaño ruador, ten a palabra..

*"...porque eu ergome para desafiar-la idea,
para cuestionar as leis de Deus e dos homes..."
(Inscrip. apócrifa Aramea)*

*"Que desgracia tan grande ser poeta,
oficio de chorar sen cobrar nada,
oficio de cuspir na mar inmensa
e de chantar pancartas no deserto."
("Crede", C.E.FERREIRO)*



... DITOSOS SERES ESQUECIDOS DA BOANDANZA

O trebón esnaquizou o amencer e fechou en bágoas un ceo neníño que nacía, arestora, da común alba.

Co raiolar espertaban as xentes;
entrementes ós poetas fechaban as pálpebras cansos xa de namorar a lúa e de cantarlle as estrelas, que os bicaban...

No alén ficaban os compañeiros,
os artesáns da palabra,
ditosos seres esquecidos da boandanza...

Movemento 1: UNHA FALA ONDE SON MÚSICA AS PALABRAS

A beira da campesiña quintana...

Cando aínda o neon estaba escravizado nas pálpebras belidas da noite abanada; cando un berro de suspiro pregou aconchecho entre mil e dúas maternais azas...

Cando aquel bídalo amoleceu a luzada e o trepón sostía o támaro banquete doutros anos...

Inda foi, no intre exacto da careifa espiritual, no tempo do desqueixo lucidío ou na xiña tremelante...; no butre adiviño e adoado inda foi, aínda que, de certo, tan só Deus ben o soubera.

Semellante desacougo herdaron a súa vida e a nosa morte, unha

illa amornecida nun serán cougo que a esquerda trocou en mañá cedo.
...en saloio mañá cedo!!

O ámago da súa xeira non foi o asaño, nin tan sequera a cobiza de noutrora; tan só aburiu neles para espertalos, para ser búsola nunha brétema herdada e calucada que xurdira dos anos da ignorancia e de, cuaseque sempre, moita fame.

Larau como un ningures o roteiro pescudou para chamalos; nos intres da luzenza, din que, a longura fixo pranto e as bágoas un aceno de nostalxia...

Arestora tan só unha muxica peregrina ameiroa o relembro doutros anos, unha morte fanada e centilante amortalla a louzanía sen esperanza, murmurando sempre unha neviza degrimante...

E hoxe, no presente, ninguén diría que foron noivos moitos anos, que o noivado foi xogo de toda unha vida e o casoiro froito morto dun instante.

Nidio amencer de burla e meiguería, con picariños xogando á pita cega e unha fonte, a auga, remuiñando; unha nobreza de noites témeras e croios badulaques que, ás agachadas, trouxeron preta á necesaria marexada.

No oitavo mes do ano derradeiro, no día oitavo e ás oito e dez daquela xeira afastada, o ollo encovouse na pestana...; cando xuntos quixeron berrar, ...xa era tarde!

Como ardentía de alabarado ondaxe na chilindrada persoal da túa farfalla, peteirando axiña o infinito na percura dunha bágoa que xa tarda!

...que non ven meu amigo, meu irmán doutros anos; cernudo eu que sempre me foi estraño.

E o rousinol, na cantiga alabarada, ninxindo cotío unha loubanza; cando a presa sobardou a nosa calma e o laído foi ultreia anoitecida, nunha fala onde, irmán amigo, son música as palabras...

Movemento 2: POETAS DE PAZ EN TEMPO DE GUERRA

E xa, quizais, aló, nas infindas brétemas do mar da Fisterra, con sinxelas areas adoecidas de soidade, o pestanexo do nordés traía unha esperanza de loita pacífica a esta paz que só é guerra entocada.

Emprestados alcumes de sombras amornecidas no alén da uto-

pía nacional ou no súpeto deseivo das ideas clandestinas, frolecidas a carón do tic-tac de reloxos sociais, impenitentes sinaladores dun tempo a ceacú, con presentes de pasado e porvires do hoxe que arredamos.

Eles, aínda que moitos non o queiran, están precurando invictos a xeira contestataria que comeza no mañá agoirado polos bardos-poetas da esperanza, nese amañá que escriben, que pintan cotío na paxina-cadro de poesía, con cores-palabras de esperanza e bágoas aloumiñadas polo desacougo vital das verbas conqueridas ou significadas. Arroutados acenos feitos verso, cinguindo mil azas de outonía para conquerir un amañá encruxolado na festeira noutroira, adentando tes-táns cada verba coa intemporal habelencia dos seus espíritos, ...nunca calados!!

Máis entanto...; entanto , a borbolla faiscou entre a gandallada e trouxo o tresvarío colectivo...

Para nós, quizais hoxe aínda poucos, foron datas de xénese na creación dun eido persoalmente compartido, na poesía; queríamos ter, na lírica, a presenza inmorredoira da Galiza, porque un pobo asoballado ten que loitar polo seu destino ata conquerilo, tamén, tamén na poesía. Anceiabamos ese espertar feito de esforzos colectivos e escrito, as veces, co sangue morno que xurdía das feridas, tamén, ¡tamén na poesía!!.

Para nós a poesía era o berro lírico dunha fala creada e criada para redimir unha Terra sometida, para revoltar ó pobo e para expresar unha angustia cada vez menos persoal, cada vez máis colectiva.

...non podemos ser poetas de paz en tempos de loita, ¡non QUEREMOS ser poetas de paz en tempos de guerra!; a palabra é o único que temos, unha ferramenta ceibadora, o alicerce dese porvir que hoxe non temos...

Sobordando os cumios da palabra, asinando as xeiras co asubío e coa inqueda lembranza de rautos imposibles, na soleira preta do cata-vento e da tronada, rubindo as iadas encostas do embudo que nos ten presos das ledicias maxinadas; desmaiando, as veces, cangados coa carosa tarefa de loitar sen ter un intre de sosego...

... os cumios da palabra sobordando.

Arrempuxando unha noite de séculos coa esperanza de que, nalgún lugar do horizonte, agarde outra esperanza...

...para poder seguir arrempuxando.

E xa, quizais, aló, nas infindas brétemas do mar de alén Fisterra,

o atolado son dos reloxos sinale o tempo da victoria; aínda que ben certo é que, para nós, inqedos seres, tan só sinalaría o comezo dunha nova loita, dunha anovada xeira por conquistar...

...e é que máis aló aínda agarda a utopía e nós teremos azos para facela nosa.

...aínda que nosa sexa xa a súa ferida.

Movemento derradeiro: E O PIOR TAN SO UN INTRE, DITOSOS SERES ESQUECIDOS DA BOANDANZA...

E no día, na data da larganza esfamiada, trouleando unha ledicia tan só emprestada, crúa a ánima e nu o corpo no deseivo e na lama godalleira doutros anos, un intre de agarimo

...de relembro,

...de fartura,

...de esperanza.

...e ó peor tan só un intre, vizoso intre de ubedade na garrida omnipresente boandanza.

Fermosura madría e afastada, de contado musgaña, de contado reloucante, sobordando os socalcos do infinito nun alén de Fisterra e de lembranza.

Tan só ditosos quixemos atoparnos, sen unha luz que dera vida ó común pábulo; subliñando un sutil espasmo, catavento dun noutra apobelado...

...E O PEOR TAN SO UN INTRE, máis era xa eternidade.

Avelaiñas cheas de nada, onte emprestadas, vagalumes da noitada; cando nu e rebezo camiñei cara o sol agoirando que, ó atopalo, xusto alí el xa non estaba. Non hai argallo de boandanza para nós, como moito un cotián falar moi pouco e unha mesa con dous mesotes, ...e sen palabras.

...DITOSOS SERES ESQUECIDOS DA BOANDANZA.

Pero téñovos aquí, porta con porta, porque sodes para min máis que unha esperanza.

E nos cadros de palabras decisivas vexo sempre, isempre!, voando as vosas azas.

Para vós todos esta ÚLTREIA primeira, humilde homenaxe de quen non ten outra cousa para agradecer a vosa benquerida amizade...

*"Porque o día conqueriu-no o inimigo
e a palabra perdeuse no rebumbio,
e ficam só as figuras insubornabeis
medrando coma bógoas no sobrado máis
ignoto."
("Memorial de Bayalca", V.F.VIÑAL)*



REBELDE AGONÍA DE AMENCERES SEN ESPERANZA

Esgañotados polo fracaso victorioso tentaremos repetir os erros
do sempre presente pasado;
algúns con desdéns e, os máis, con azos instantáneos
crebaremos as cadeas da desfeita.
Pelengrins esfarrapados percorrерemos as estradas
na percura daquelo que é, o mesmo tempo,
síntese de todo e minoría voluntaria.
Seremos os desherdados da Terra,
os inquedados militantes testallóns no roteiro afastado da vangarda.
Desafiaremos a todos na procura dun alguén desacostumado;
sen un intre para alangrear na testán loita,
ou no que conquerir a evidencia total da nosa fame.

O ÚLTIMO GUERRILLEIRO (Canto Único - Primeira parte)

Fora un vinteito, de Bouzas a feira, con polbeiras de Arcos...
Corrían malos tempos, ventos de morte na xeira podrecida das
falacias...

*Ouveaban feros lobos de chocolate baixo unha mesta luz de
lúas fartas;
o vello guerrilleiro, vixiante, no penedo, espreitaba...
Tempos de loita, xeiras calmas;
un sosego cotián, un sosego farto, unha fame sen pan,
benqueridos compañeiros dunha loita*

*cada día con menos imposible esperanza.
Ficaron, no pasado, as miraxes dunha muller e tres fillos,
...no ceo estaban!;
hoxe tan só garda unha lembranza imperecedoira
e un chisco de papel do xenial fotomatón
que, por dúas cadelas, no onte os retratara...*

**Fora un vinteoito, de Bouzas a feira, con polbeiras de Arcos...
Corrían malos tempos, ventos de morte na xeira podrecida das
falacias.**

**Alí, na feira, as cantarelas de sempre negaban realidade á reali-
dade, soños ós soños, a venturanza á venturanza.**

-...esmola, bo señor!, por caridade...

**Aquela mañá mataran outro ser vivo, e perdoen amigos pero
non é unha redundancia; seres vivos non morren tódolos días xa que
moitos dos que viven levan mortos moitos anos. Pero si, aquel era un
ser vivo, un ser que amaba e suspiraba...**

**O corpo nu, descuberto con coidada intención, a mao tenta,
como escarmento; asasininos invisibles impedían que mans xenerosas o
taparan.**

**Un redor de silencios e murmurios, cadro vital con can rabelo e
tres madelman azuis xunto a dous superman averdados.**

**O eixo éralo ti, a peza morta que abateran as cobizas e as rabias;
que non morreras, ¡non!, nin con chumbos de fusil nin no campo flo-
recido da batalla.**

*Ouveaban feros lobos de chocolate
baixo unha mesta luz de lúas fartas;
o vello guerrilleiro,
vixiante,
no penedo,
espreitaba...
Unha bágoa de fonda tenrura baixou,
paseniño,
por entre o bosco cano da guerrilleira barba;
logo pingou e esvaeuse, para sempre,
entre as mans da frouma
dun monte irmán que facía de reserva cotián da esperanza.*

O mouro bonete sobresaía entre o mar de puchas e de panos, eramos todos, naquel intre, un pobo de escravos axeonllados. Foi o seu un camiñar con presa comedida, un camiñar de vagar que reprimía eses brincos de ledicia que bulían na súa alma...

- ¡Non ten cornos!, meu pai... -era moi novo o rapaz para entende-las anovadas técnicas do marketing do asasinato-

- In nomine patri... -aínda hoxe xuraba o guerrilleiro que presentira ledicia no canto daquel salmo-

- ¡...que non ten cornos, meu pai!; ¡...que non ten rabo...!

Logo a taberna e media ducia de cuncas con viño azucrado, risos, himnos guerreiros e contos de arriscadas fazañas como entreacto; cando as bestas son fato fuxe o medo da súa pobre alma.

*Ouveaban feros lobos de chocolate
baixo unha mesta luz de lúas fartas;
o vello guerrilleiro,
vixiante,
no penedo,
agachado,
decidiu que era o intre de acender o enésimo cigarro...
Foi o lume do chisqueiro
o que trouxo imaxes do onte á súa presente realidade.
A súa noite,
coma pantasma non vingadas,
viñeron a súa dona e os tres fillos ós que unha vez dera a vida,
...e mil máis quixera dala para non ter que enterralos.
Fora onte,
moi onte para ser pasado,
entre o lusco e o fusco dunha data calquera,
estaba fóra,
pode que moi preto, pero inevitablemente fóra;
e cando voltou, os salvaxes madelmans azuis xa fuxiran para,
unha vez máis,
entocarse...
...ficaban tan só cinzas fumegantes onde antes tiña o seu lar
e vivían as súas esperanzas.
E non chorou,
¡non!, ¿para qué?,*

*¿desde cando as bágoas fan xustiza?,
¿desde cando chorar é necesario...?
Unha muxica do pitillo pousou o seu flamíxero corpo na perneira
do guerrilleiro pantalón de maón,
de contrabando;
negado de asasina-lo seu efémero brillo,
deixouna morrer soa,
¡que queimara a perneira ou a pel xa de pouco importaba...!
A noite facía música,
a lúa era a corista,
as estrelas non eran máis que brillantes adobíos
no traxe
desa lúa
que cantaba.
No monte aprendera a escoita-las súas palabras;
monte e lúa eran amigos,
o día e a xente semellaban seres estraños.
- ¡Cantame máis!, miña lúa...; ¡traime un chisquiño da túa esperanza...!
Un arrepío agoiroulle, quizais,
o fatal desenlace;
os madelmans azuis tiñano, ó fin, arrodeado.
Sorriu ledo,
desexaba disfrutar daquela noite derradeira,
sentir,
unha vez máis,
nos vellos osos a careifa intemporal da súa xeadada.
Ouveaban feros lobos de chocolate baixo unha mesta luz
de lúas fartas;
sabía,
¡sí!,
que era un marco xenial para unha rebelde agonía
de amenceres sen esperanza...*

*Fora un vinteoito, de Bouzas a feira, con polbeiras de Arcos...
Corrían malos tempos, ventos de morte na xeira podrecida das
falacias...*

... primeiro tiraron e logo preguntaron.

Ningún deles soubo xamais entende-la razón de que, xunto ó

morto corpo, tan só se atopara unha ducia de papeis e un lapiseiro, cheos de sangue pero tamén cheos de palabras...

Ningún deles soubo entender que aquel último guerrilleiro facía a guerra con amor, empregando como arma as súas palabras...

NARKAM, MARUXIÑA A MEIGA, OÙ A DUBIDA ENSONIÑADA (Canto único - Segunda Parte)

Contan que Narkam e Maruxiña son, namais, que a física expresión da dúbida ensoniñada...

Por algunha razón falarei dos dous ó mesmo tempo, apreixarei os seus acenos en palabras compartidamente comúns, desesperadamente significadas.

E é así que Narkam ensoniñabase coa noite, que devecía diante das súas pálpebras...

- ...pola terra onde estades mandaime a forza dos mortos!
*-berraba Maruxiña enterrando na mai-Terra o coitelo
namentres despoixaba de botóns aquel morto cadáver-*

Narkam suspiraba co raiolar de cada alba sentindo estremecer os osos da esperanza...

Narkam era a voce silandeira do infindo precipicio no que o horizonte e a auga se arrolaban...

¡Narkam está ledol: noite, alba, voce e son, constituían o seu tempo, a súa brétema irisada...

*Non tiña nin lar nin destino fixo,
nin tellado que acolera,
nin cuncas, nin olas, onde xantar
ou cear
un bocado.*

*Nómade Maruxiña que peregrinaba chea de refaixos,
deixando as pegadas dos seus chancos
ou durmindo, leda,
en calquer palleiro...
baixo calquer tellado...
Cando chovía,*

*cando a choiva mollaba o seu tránsito,
facía adrede da saia un paraugas;
ela sabía que as bruxas non se mollan,
que recenden azos impermeables.
E, desde Celanova a aba de Montefurado,
e desde Cea a Limia sulagada,
levaba botóns brancos e mouros,
botóns brancos de oso,
botóns mouros de cornas de galegas vacas...*

Narkam pregaba a Deus coa fortaleza de quen leva séculos dubidando...

Narkam era un neno de satén na chousa herdada que fiaba cotío as xeiras novas que creabamos e criabamos...

Narkam soabriu un chisquiño a fiestra para que todos puideramos ver a tépeda noite das nosas esperanzas...

Narkam...

Narkam sempre quixo exercer de razón axustizada...

- ¡...polo ár a onde fuches!
- ¡pola sabedoría dos espíritos e dos trasnos..!

*Maruxiña era La Botona,
a que agachaba os botóns da sorte
na inmensidade de refaixos baixo os que,
a feble meiga,
vexetaba.*

*De cando en cando chegaban seareiros con fame de porvir
nas súas entrañas;*

*entón Maruxiña, sempre calma,
pousaba en calquera mesote os refaixos,
metía a man na faldriqueira e sacaba a sorte,
os segredos daqueles botóns que,
pola maxia,
trocábanse en arcanos descifrables.*

*¡Faciase a luz!,
número impar de botóns mouros...,
na man esquerda...,
mal presaxio...*

Narkam voaba xareliño como calquera amencer de primavera estanguido polo tránsito...

Narkam levaba nos seus beizos a sinfonía dos heroes, nas súas mans o tempo e o vento, no corpo unha paixón e na mente a idea suicida dos ceibes ou dos xigantes...

Narkam será un heroe por este presente e polo seu pasado...

*Máis botóns brancos na man dereita....,
o hoxe presentábase ledos,
sen augurios de mágoa.
Xa podía o seareiro facerse dono da calma,
podía pecha-los ollos e tirarse ó río
que non debía de pasarlle nada.
Maruxiña era así,
Maruxiña agachaba sempre unha segunda parte...*

Narkam será como o zoar do vento no canizo, entre as bafaradas de sucarrío ou da cinza dos carballos...

Narkam morrerá aínda que non morra, xa que logo a miña vida pon valados ó seu ámbito...

Narkam queimará porvires na fogueira de presentes instantaneos...

Narkam ficará pouco a pouco, como se nada pasara, coa humillanza dos medos infantís que fan á noite lar de fantasía e de pantasma...

*Maruxiña,
doadora de meigallos,
escudriñadora de porvires,
virxe-mai da fecunda sabedoría dunha raza.
Maruxiña,
La Botona,
de quen din que era dona da tolemia,
de quen din que....,
a noite cala.*

Contan que Narkam e Maruxiña son, namais, que a física expresión da dúbida ensoniñada...

¿Onde estades irmáns meus?,
¿Que foi de vós...?
Ninguén o sabe...

Contan que Narkam e Maruxiña deixaron pegadas para sempre nas estradas dun Ourense interior que esmorece, día a día, baixo o fastío das dúbidas ensoniñadas...

Esgañotados polo fracaso victorioso tentaremos repetir os erros do sempre presente pasado;
algúns con desdén e,
os máis,
con azos instantaneos crebaremos as cadeas da desfeita...
...chovía desbalde,
bulleiro e tronadas non podían evitar a miña fuxida,
a fuxida do heroe,
como sempre,
cara adiante.
Moncho Diaz,
O Curuxas,
meu amigo,
que nun vinteoito calquera morriches asasinado...
Maruxiña,
La Botona,
miña meiga,
que soubeches percorrer estradas e corredoiras dun Ourense interior,
que non ten praia...
...arrolados por esa lúa que tanto farta,
mantendo arreo que a liberdade hai que conquista-la sen guerra,
sen armas, con palabras...
De ti Narkam non me esquecín,
ti es a presenza da dúbida chea de esperanza.
E é que, amigos retratados neste cadro de palabras,
a dúbida preséntese como agoiro de verdade
nunha loita de causas perdidas no presente,
de batallas gañadas cando a morte faise dona dos osos e da carne...
...carne morna dos heroes máis cheos de eternidade.
¡Escoitade amigos!,
llevo moito tempo percurándovos...!

*"E tocando las bastardas
trumpetas a pelexar,
luego, sen mas lo tardar,
se xuntan las avanzardas."*
(*"Batalla"*, GOMEZ MANRIQUE)



SINFONÍA VITAL DUNHA ESPERANZA

Chovía desbalde,
bulleiro e tronadas non podían evitar a fuga do armado cabaleiro,
viaxeiro do tempo polo tempo,
anovado redentor que chegaba a cabalo...
Era un dos heroes,
deses heroes que, aínda, andan a procura dun Graal que a todos salve.
Tempos de mágoa e desacougo,
un xergón por berce herdado
e unha bágoa de saudade neses ollos que hoxe escintilan de esperanza.
E, son, a sinfonía vital dun intre amargo,
a doce música da loita secular escontra zorros manteigueiros
que á Keltia asoballan...

FRANGULLAS COTIÁNS NA NOITE CALMA (Preludio)

Abondou un catalexe para ollar un aceno de nostalxia no horizonte. Alén do suspiro, as herexías cimentaban un proceder medoso onde pululaban os alugadores da razón, aínda que non máis que sinrazón era a súa presenza.

Eran tempos de agachadelas calculadas, de demuda-lo pasado para ter así mellor curriculum, de procurar brancura ideolóxica como se elo tivera prezo en metálico. E eran tempos dos próceres da Patria, das bandas organizadas e dos soinamoinas grileiros da política.

E, naquel tempo, encetouse o estronicio...

Houbo un estrondo, un tremer da Terra que agoiraba o estremo definitivo.

Avivaban os mortos porque os vivos eran incapaces, esquecerán a ledicia do infinito.

De sóchape os Celtas guerreiros acudían na defensa da súa Matria, soerguendo oufanos a bandeira da victoria...

O Artur lendario, no limiar da redención, encetaba os boscos da néboa e unxía ós anovados cabaleiros da Galiza irredenta, as internacionais brigadas dos fillos emigrados e dos marxinais descastados que ousaban manter esperta a chama do berro ceibador, da nosa Terra.

No Leste, tan só, unha moira poeira...

Hoxe a traizón era a arma cotián, as xustas de noutrora relémbanse en comicios para manter viva a traxicomedia de medos e silencios, de poderes fácticos agachados e de grandes operacións de Estado, aínda que elo só conquira amingoar, aínda máis, a pequena liberdade que non temos.

O redor non foi nunca máis que unha rateira; no redor nunca fomos máis que fureliños referendados en antergas fichas de gatos policiais...

Resistir cáseque era a única alternativa, aínda que a caiñeza do cortello fora lixeiramente máis alta que a media en Surafica. Séculos de abouramento e de reviravoltas cotiáns, a espreita da emposta que trouxera a redención tan anceiada...

...¿faragullas?, ¡non!; ...frangullas cotiáns na noite calma.

De chisco en chisco unha morte tan moura como era, e é, a nosa realidade; unha morte omnipresente que rouba da Terra os nosos azos.

...e é que, aquí, compañeiros, só conquiren vivi-los badulaques.

CAMPÁS DE FELPA NUNHA BAGOA (Intermezzo)

Campás de felpa no ferinte abrente da nosa bágoa; un axiña de paixón e unha xareliña vermella, adobíos encetados daquela fábula.

Coma ti, coma min, ¡...coma se nada!

Cuspir un para onde ou atopalo tino na larganza, ...ou na fervenza, ...ou na larganza .

Había nenos de satén na chousa herdada, pícaros testallóns de croios espantados e febles delampados de premura, engulidos polo voráxine de homes vellos e de xeiras novas, que creabamos e criaba-

mos...

O falar e non dicir, o querer abrangue-lo vagantío ou, ¡como non!, o axexar ese intre que escorrentan..., ...coma se nada.

Houbo tempos de ledicia, tempos de tenrura e tempos de brétema irisada; tempos de careifa e de lóstrego, onde a devala non era máis que un pracer máis, vala a redundancia.

Iñotos precursores da esperanza encetaron unha xeira hoxe en día inacabada, hoxe en día amofada...; hoxe en día amofada e esnaquizada polas gavillas xurdidas da máis moura gandallada...

Soabrimos un chisquiño a fiestra, aló lonxe unha noite tépeda de xergóns virxinais e de laidos reloucantes...

...non máis que campás de felpa no intre compartido da nosa bágoa...

XOPE DE TORBÓN E DE ESPERANZA (Tocata)

Era a Terra o xogadeiro dos hipócritas, os trinca-argans sobordaban os cumios do pestanexo e gobernaban como Deuses, sen un chisco de ten con ten, xa que sabíanse infinitamente superiores, infinitamente poderosos...

¡Xigantes con pes de lama!, xa o roucexo é expresión do voso porvir, rousando pola vida como pantasma de outrora, pintando a mona como bos actores de ruíns obras, roufeños de tanto explica-lo inexplicable, momias dun pasado de espantallos xa que, á fin, espantallos sempre foron e serán os homes de palla.

Laráns de xeiras afastadas, gaspallando ese intre de sosego conquerido a costa de anos de bágoas e de sangue.

Si, é certo, aínda que no alén corra de presa o gorrión para traer aquí un chisquiño de bonanza...

...un xope de torbón e de esperanza.

Fuxitivos os homes e as rapazas; as mulleres non, que xa moitas na mágoa descansan; unha historia de anos insubornables, vingadora dun pobo por fulosiños dominado.

Xa non importa que desde sempre estén as razóns axustizadas, nin tan sequera que esmagarnos sexa a fin procurada; hai cousas que non morren, que non se venden, que medran día a día na medida que se ven as pantochadas...

...xope de torbón e de esperanza.

O TEMPO DE CALAR ESTA EN TRANSITO (Fuga)

A presenza do tempo é marxinada, ó raiolar, un anxeio que agarda. Perde-los osmos é xogar a pita cega, nun espacío onde unha aperta é a maior herdanza.

E o tempo voa, xareliño, como un amencer de primaveira e estanguido, quizais, polo seu tránsito.

¡Que o tempo somos todos é ben certo...!

...aínda que un louro amencer de aloucados trebóns axeonllen unha témera noite de agoiros, de feitos, de silencios, ...de esperanzas.

E, aínda así, moitos voamos nas azas daquel vento, moitos precuramos porvir no vento, no silencio, ...na esperanza.

Pode que dous ollos, ou unha careifa espiritual, ou as vermellas meixelas dalgunha nena-rapaza; pero, eso si, o tempo é vento e os feitos cotiáns son as súas azas, ...azas de vento, ...azas de esperanza.

E todos nós sabemos que o tempo de calar está en tránsito, que o calar é cada vez menos posible porque o intre da victoria está chegando. Uns con palabras, outros con berros, cada un como poida, debemos contribuír a construción da sinfonía dos heroes, ¡...calar sería demasiado!.

As frangullas cotiáns na noite calma ou, quizais, as campás de felpa das nosas bágoas ou, ¡como non!, os xopes de torbóns e de esperanzas, non serán máis que anaquiños dun ceo aloumiñador de asañadas

...chisco dun tempo que temos que engulir para morrer, como cada nunca, entre os teus brazos...

...sinfonía vital dunha esperanza.

Voltaba a chover desbalde pero o sol estaba alí, aínda que o armado cabaleiro nin tan sequera o lobrigaba.

A fé dáballes azos,

a fé sempre, í sempre!, move montañas.

Eu sei que o armado cabaleiro é personaxe principal dunha epopea de centos de anos;

eu ben sei que non morrerá o heroe,

que sempre haberá armados cabaleiros

camiñando xunto a nós,

porque quedan aínda por facer moitas fazañas.

*" Irme de vosoutros, algún día,
e deixari vos os meus medos
e os meus soños..."*
(*"Derradeiro Adeus"*, M.MONTERO)



NUN NOÚTRORA DE PAIXÓN E SUICIDIO

Era noite de adeus e despedidas...
...estigma intemporal do adoado quizais
ou da xenérica dúbida,
ou da morte,
...ou da vida.
O bulebule da présa e da troula
fechando a fiestra da ruada máis témera ou,
como quen di,
nun noutrora de paixón e suicidio...

EIVA FEBLE NO CUASEQUE NADA (Ousadia)

Dozura de mel na xeira estanguida, mesmamente a abévoda do aire no ceo claro e unha medianeira lazada de relembrs para enche-lo insaciable burato da vida ferida.

Dozura de mel, na xeira estanguida. Chaiñas xogando a xogos imposibles, a verdades esquecidas de cando a lúa estivo alén da devalla colectiva. Un donear cotián co intre exacto, coa espreita calculada, ...coa posibilidade de arranxar un chisco de luz no infinito.

Na herdade do silencio, acendida; un facho dicidor no cabanel dunha Terra malferida.

E, aínda así, rexurdimos do imposible, desaquelamos un namais para que o hoxe fora adeus e o porvir unha doa de tenrura no noso espírito.

Naquel intre ir paseniño era camiñar a tomballóns, sulagados nunha présa colectiva, nunha présa delictuosa e cativa; naquel intre un aceno de paixón era, pouco menos, que ironía...

Ganzamos a Terra co sangue e coas bágoas dos heroes caídos...
...procurabamos o porvir no froito daquela Terra benquerida.

Agardar non foi preciso, o inzamento foi súpeto e a maduranza minoritariamente colectiva.

De moitos chiscos un moito viable é posible e, aínda así, a certeza é a arma do suspiro.

Dozura de mel, na xeira estanguida.

Ousadía, afouteza, si, só ousadía, e mil grilos, e mil noites, e mil berros...

....púcaros de son estrelecidos.

A eiva feble no cuaseque nada amornecido, un silencio de séculos debaadados a luz do máis íntimo estronicio, coa dilixencia dos que saben e non din, dos que falan e non fan, dos que choran e só rin, e coa donosía mercada a costa de favores e servicios.

E pode que todo o demais sexa, tan só, a ousadía testemuñal da ousadía...

IRRA POPULAR DE TEIMOSIÑOS (Cántico)

Velaiño o gromo á beira do sartego das palabras, ó carón da quintana onde medran as sementes do silencio e os alciprestes igualiños. A varcia fica lonxe e a paría trouxo acougo a aquel xamais que esquecemos.

Vougo o cemiterio aldeán onde aniña a andoriña, onde enterran os secretos e onde os berros dos mortos son búscolas para os vivos.

A belida néboa no paramal da xeira acesa, como ventureros rapaces na procura dunha cuncha prometida, dando un amprón para acadar un horizonte afastado e imposible.

Aínda así a amizade trouxo a xesta secular e definitiva, retesía de escollidos co pálpito de hoxe azuis margaridas.

Os teimosiños na quintana, os teimosiños...

Alugando un intre de razón entre a mandinga, coa lanzalía de trasnos na citania popular que é Galiza.

E é así que é a irra popular máis que xustiza ; ...máis que dereito, ...máis que cobiza.

A resposta o soxusgamento é, ¡como non!, o derradeiro fin da popular melancolía.

E é un cántico en pé, en cada furna, en cada oso emprestado e en cada angustia; un heito para enterra-la eterna burla e voar, unha vez máis, nas azas aldeáns das andoriñas; ...de pantasma irredentas, unha irra popular de teimosiños.

MAIS QUE NADA, NO HOXE DÍA DE MAÑA OU NA FERIDA (Loita)

Quen dixo que o hoxe non era máis que limiar do mañá errou de certo.

E é que o hoxe non é noso nin está preto, ás avesas o pasado aínda é posible e aínda agarda, do porvir, os alicerces.

Soportais contestatarios da ferida, da espreita infantil do adobío, cunha conversa de acenos misteriosos e unha lúa doante de atractivo.

Fonda, ¡era fonda!, ¡fonda él!, a mágoa e a ferida; un chisco de présa no atrevido agoiro ou no carís ardiloso da movida.

Estragada a face e o suspiro, esvaído terrorismo de silencios a mao tenta e de bruídos no arrepío

¡...no arrepío!

Na paxina do pasado, que hoxe escribo, unha habelencia de loito e de resistentes romarías...

... un texto morno de consignas revolucionarias e de calados berros

... de calados berros moi antigos.

De cando os azos lonxe foxen, coa présa das certezas indicibles, como caraveis de lume, con sépalos de sangue e pouco tino; na urxencia dun porvir aloumiñado, fuxidío e paseniño, cando coma quen quixo ser luz para alumear, na caída, o precipicio.

Aínda así o amañán está moi preto, quizais non máis lonxe dun baldeiro laído; aínda así a percura dun pasado afasta a pavura do acontecer, asinando unha loita de paz na común guerra.

Máis que nada, hoxe día de amañán ou na ferida, no rompente vingador da xeira acontecida ou na estraña corredoira do máis feble sacrificio.

Quizais hoxe sexamos asasinados dun presente que ven a ser un

pasado repetido, e é así que é mellor falar dun hoxe de porvir para poder manter, así, a rebeldía.

...sen esquecer xamais esa ferida.

Máis que nada, no hoxe día de mañá ou na ferida...

Era noite de adeus

e despedidas,

de luceiros acesos

e calmas fuxidías.

O milagre da alba non chegaba.

Alén do mar unha bágoa,

...onte escrita.

Na noitada da esperanza tan só un laido,

un berro de fartura

desde unha fame teimosa e rapaciña;

arreo o camiñar era unha loita,

un abranguer presupostos imposibles;

cando o grilo ou a chicharra espertaban,

outra vez,

a idea fatal do suicidio...

E din que a paixón é roxa,

que é fatal

ou que espreita sempre as agachadas;

tamén pode que a paixón non sexa máis que o limiar

do suicidio...

Aínda así non podemos fuxir do destino,

inon queremos fuxir do destino!,

pois común é a paixón por unha Terra

que no hoxe sofre,

que no onte foi ferida.

... nun noutro de paixón e suicidio,

despedida.

*"¡Capitan! ¡Capitan! ¡Chamate a Terra!
¡Os tempos son chegados!
¡Vanse cumprir as vellas profecías,
as verbas dos antigos bardos!"*
("Da Terra asoballada", R. CABANILLAS)



POR UN PORVIR VINGADOR DUN PRETÉRITO IMPERFECTO

Ir e vir de ondas e de ventos... Gaivotas no serán, dicindo adeus...
EIRIN está lonxe, ITH aínda non chegou a Terra prometida...
Na beiramar, nos treboentos recunchos da brétema do Norte,
ancorados e ferruxentos os azos no laio derradeiro namentres,
só no intre de namentres,
o lirismo poñía azas de suspiros no mar de ondas do que emerxía,
para esvaerse, a cordilleira de bicos do mar
que se estrelaban sempre nos bicos do teu peito.
Ti máis eu eramos redor de nós, de todos,
de nós mesmos...
Un redor de bruído e de tolemia,
habitando outro redor de cadáveres de sardiñas
que todos coidan que están en conserva,
nunha praia onde a area somos todos e as pedras un ningures na xanela.
...morrendo no presente,
loitando por un porvir que ningún vemos,
por un porvir vingador dun pretérito... sun pretérito imperfecto.

MEMORIAL DE VIAXES PIONEIRAS (Unico movemento)

Montesío o precipicio da lembranza, afastando, aínda que non
queiras, a imaxe no alfeizar que sulagou o soao que, na véspera, os
Deuses xa fixeran; o restroballo dun arume de estrelas, de fachendosos
luceros pendurados, ¡sí!, dun fio, no UNI-VERSO.

Levei de ñapa, atobado no corazón, un anaco de ilusión que alumbeaba o camiño de volta á realidade, era o antídoto a tolea dos demais, o gardián da miña soberano identidade, a conciencia...

Creo, ¡sí!, eu creo...

Sei ben que a nada, enchéndoa de ilusións, será todo; que a morte, enchéndoa de vidas, será vida; que a utopía, enchéndoa de loita, se fará realidade.

...sei ben que a utopía se fará realidade.

E así, cada un de nós axuda a pintar un cadro aínda que a conciencia de ser pintores non abonde. Cada xeira colectiva é un cadro, un cadro máis na gloriosa pinacoteca que todos chaman historia. Nembargantes, só as aportacións individuais conquiren transcendencia e trócanse en interpretacións pictóricas no intre en que a xeración seguinte faga o seu cadro para a histórica pinacoteca.

¿Será que sempre o traballo colectivo é incompleto?; ou quizais, ¿que cada un de nós quere face-la súa persoal xeira para que a Historia -esa Historia con maiusculas- non remate?, ¿para enriquecer con fracasos a colección e crear ou crea-la desesperanza da que saia, paradóxicamente, a ESPERANZA-MAI da que naza algún día o concepto irreal que desfaga en mil anacos a existencia e a dependencia persoal ó sistema?.

Aínda así non faríamos máis que inaugurar unha nova sala da pinacoteca; unha sala nova cun letreiro pendurado dun cravo

...pendurado dunha porta

...pendurada da parede da que, tamén pendurada, colga a argolla onde comeza esa cadea que queremos esquecer a forza de non vela.

Así cotío, no máis alto brandariz o espírito sen nome acenderá a fogueira; con verbas de aloumiño espertará ó vixía da nao que procura Terra; unha vez máis, o seu berro, encetará unha doada ladaiña de esforzos inquedados que morrerán, inevitablemente, enloitados polos doces cantos das sereas.

A praia ficará sempre moi lonxe para aqueles viaxeiros do mar das tebras que precede o mar da luz absoluta.

Como moito un elixido chegará aquela Terra e, como bo loitador do imposible, fará con garamuxos outra nao para voltar apresada ó lugar, da noite, de onde viñera. No camiño de regreso brincaré xa que leva no intre a boa nova, a imaxe dun mundo de luz que rache as tebras...

Cun adeus nos seus beizos dixéralle adeus o espírito sen nome do alto brandariz da escolleira. Un ata logo non é posible porque a razón dos que non viron prohibirá o creto do NAUFRAGO-PROFETA.

Un mundo de neon é o remate da volta, do regreso; vagalumes de dous faros poñen présa a ese mundo sen movemento que non para, un mundo de rebaixas e de grandes almacéns que son engado e traizón ó mesmo tempo, un mundo onde as colmeas de obreiros potencian o espírito competitivo e manteñen en luxosas mansións ós que viven de esa competencia.

Nalgún intre da súa travesía, do seu tránsito da utopía a consciencia, o NAUFRAGO-PROFETA lembrarase dos vinte pesos que lle custou a foto, aquela mesma foto que tentaba deixar a aquela moza en ofrenda. As fotos son anacos do onte que nos fan ter consciencia do amañá, que nos fan lembrar historias cando xa non podemos interpretarlas; as fotos son portadoras dunha mensaxe de impotencia, que arrepía, porque poñen idade ese camiñar a tomballóns que agacha unha automática existencia.

Algún día farán un mapa deste MAR de tolemia e de sosego, con lindeiros de cordura e de progreso, cunha illa solada na que brille a esperanza e con ondas que rematen en bicos do mar nos nosos peitos, nas nosas azas, nos nosos feitos...

...e seremos paxaros secretos de aloumiño, de infantil cordura, de tenro espírito; como cuncas de sol na noite acesas, como estrelas raiolantes no espello da esperanza arrepentidas.

...e seremos todo e nada, sempre loitando; coa segura decisión de conquistar ese porvir vingador dun pretérito imperfecto...

Ir e vir de ondas e de ventos...

Gaivotas no serán, dicindo adeus...

EIRIN está lonxe...

ITH aínda non chegou a Terra prometida...

...hai moito vento!! .

*"Cousas cantígame delas
meu contador das estrelas.
Non contes arelas da noite,
cousas cantígame delas.
Pro non m'as contes, xogar,
meu contador das estrelas."
("Xogar de doce voce", NOEMI SUREZ)*



ADOBÍO TESTALLÓN DUNHA VILA EN FESTAS

Nun espello...

Foi nun espello, rapaza,

na gaiola de vidro que nos deixa ollar o revés da nosa leirán imaxe,
entre os soños xuvenís e o asinado creto que dan os anos.

Uns anos esgotados en lerias sociais

e en aloumiños édremos de tenrura espréitante,

zoclóns de xarope de uvas

tinxidas de mouro vermello con pingas de mitolóxicos edéns,

de doados intres no fastío cotián dunha xeira emprestada

de tabernas e laicos romaxes de outonía,

co laborioso pano de fondo do crego aldeán e someas,

feirante, unha vegada máis,

dunha mercadoría ameiroada pola mitolóxica esperanza

dese Alén que só existe no pasado.

Na túa festa...

na túa festa aburei a présa,

coñecín o intre no que o verán xa só é un chisco de poesía...

Era a desexada tregua no abafante cotío de traxín e de mansedume,

medianeira entre as realidades irmáns do traballador luns

e das vésperas festivas;

a druídica menciña que esperta novos azos

para agardar sorrindo a tarefa cotián

entre a néboa das resacas

e as viaxeiras lembranzas do xamais ben esquecido,
procurando afogar o sársaro
que aquela Venus temperá emprestara ós beizos
nun ledro intre de fartura, de paixón e de estronicio...

ESCOLMA DE INTRES COMPARTIDOS (Adobio unico)

Arrendando, a medias cos paxaros, o espacio que é síntese da seifa esmolda...

Estoupaban no mar do ár festeiros foguetes que acoutaban a moura noite máis aló dos lindeiros primixenios da súa negrura; as estrelas, que por aqueles días ollaban namoradas para o Carballiño, apavesaron os seus astrais corpos cos festeiros adobíos xurdidos dunha inqueda agulla máxica, na máxica media luz da Eira de Flores,...no Carballiño.

Garridas mozas espreitaban o luceiro-da-alba na procura do seu príncipe azul que enchera de namoradas bágoas a aqueles olliños xuvenís e así poder enceta-lo seu, para sempre, inédito libro das íntimas poesías, escritas arestora para ser lembradas nas datas en que os anos, e os desenganos, as fixeran inquedas pantasma ou, pode que si, pouquiño máis...

A lúa bicaba, por aquelas datas, o laio arrecendente da auga, ...da fonte, ...de Flores; con fidalguía secular, o cruceiro era paraugas da xeada para o poeta que, desde moito antes da xénese, comezou a cantarlle teimudo o carballo pequeniño, ...o Carballiño.

Naquel intre os xeranios non eran máis que gaivotas florais penduradas dos fidalgos balcóns; non tiñan, nin anceiaban, ás porque as flores xa o eran, porque chegaba máis aló o arrecendo que o voo das gaivotas de outro mar.

No sufrir de vagar das túas xentes había o arrepiante berro cotián do home máis noso, aquel que escorrentaba o turista neófito ou á ousada bañista que ía deloura-la súa vaidosa estranxeiría a praza maior, fuxindo da pléiade de compatrianas alpurneiras a quen, de contado, a imaxinación non daba máis froitos que comentar. O estrelecer quixemos, moitas veces, atopar un recuncho que servira de berce as inquedanzas; só conquerimos unha teimosa veciñanza contestataria, anicando a mao tenta un corpo canso nos soportais que campaban bocaláns das paredes dos lares, que foron cortexo inmorredoiro na his-

toria daquel carballo pequeniño... daquel Carballiño...

**Acorados polo solemne bruído, ensoniñados polo bafo, impan-
do co fume dos acesos lumes dos boscos periféricos, sometiamos
fachendosos as horas e o branco viño, co senlleiro sorriso da mágoa
serodia e có tanguido feroz dunha campá nun ceo alto. O cantar foi asu-
bíó que amosou, xa que de súpeto, a común agachada esperanza; onte
xa era lonxe e queriamos cinguir paseniño un chisco da présa da lem-
branza. Foran moles os feitizos agardados do pasado, no amañá só axe-
xaba unha historia de loita e de batallas; na bóveda do aire unha estre-
la tremelante aloumiñaba testán a nosa ánima, gurgullaba no interior
unha febre de brancura, na bisoña barileza dunha bágoa.**

**Todo esto quería se-la benvida dunha aperta que batera forte
no que chegaba, que atuara de amizade o descoñecido; ...o adobío tes-
tallón dunha vila en festa, ...de esperanza.**

**Estantío e lurpado na luzada, acadarmando as fatais espreitas
do engado, un amorciño de canga baixa e as apalpadas; cando tiñamos
que enxeita-las empolas da batalla, trasgolada aínda a enchenta dun
amor doutras datas.**

**De mozos encetamos aquí, preto da praza, un soño de noite que
levamos connosco ata un leito, para compartir contigo o relembro, na
barcalla; era o soño erótico das noites de festa, cando cada un fixo rea-
lidade un compartir suspiros coas rapazas. Noutro quedaba a esba-
rato, a derrota lúdica e, ¡como non!, moitas cabazas; os soños eran outra
dimensión na que só podía ser realidade a máis imposible esperanza.
Albiscabamos tamén o porvir, que non foi noso, e debatiámo-la forma
resultante; eramos, e somos, leiteiras dun conto sen mañá, por moito
que o mañá en nós onte agardara. Dilixentes e abnegados abranguía-
mos enfasiados o abano da constancia, afrouxabamos un adeus co
aceno engadido da nosa militancia e acoutabamos a noite como abste-
mios borrachos de noitada...**

**As festas só son eso, unha súpeta e intanxible bafarada, no estroncio da
pólvora e das palabras, ou nun ceo alto que xamais baixa...**

**E o xateado amencer da marusía, na adega xurona da cebrigada, esmelu-
xado recupera o seu triste siso, xusto a beira de outro día, que hoxe agar-
da.**

...adobío testallón dunha vila en festas de esperanza...

*"O mundo
que xa non sabe
mais que repetir unha volta consabida
rachou clandestinamente
as follas imprevistas dos almanaques."
(Travenia, MANOEL ANTONIO)*



CANDO NOS HOMES DE PEDRA FICA OS SEGREDO DAS ESTRELAS

E un mínimo aceno de proto-historia no cintilante raiolar
do luceiro agardado,
na posesión definitiva e no esquecer cotián,
para que pule a lembranza de séculos apaixonados
e de resplandores amornecidos.

A estrela do Norte fai renacer ímpetus colectivos,
aínda queda camiño por andar e destino por cumprir aínda que,
desde o antonte, fiquen xélido i escrito...

Desde fai anos atopo gratitude no silencio dun mosteiro ignoto e baldío,
homes de pedra rachan a quietude intemporal das súas pedras esquecidas;
hai, no raiolar de cada alba, un primixenio remate de acenos outonais
e de follas, a mao tenta, devecidas.

Homes de pedra, afeizoados gardiáns de estelais secretos,
soerguidos...

NANTA ENAC LUF (Xeira)

Profana-los beixos do silencio ven a ser, máis que nada, unha
rutina, un encetar de vagar a xeira da herdade estelar ou das naos de
mastodóntica preguiza.

Doas de bágoas penduran un reflexo de lúa nas pestanas mai-
nas e nas pálpebras murchas, benqueridas...

Escoito un aceno, vexo un bruído de nostalxia, ollo para o pál-
pito espiritual da afouteza indicible.

...tempos de heroes e de andantes cabaleiros da xustiza.

Un tempo de anaquiños conxelados, de praceres rabuñados e de esperanzas aluciadas pola chispa do láido; e, aínda así, profanar os beixos do silencio non é máis que sinxela rutina...

Quizais haxa muíños en demasía para poucos andantes cabaleiros ou, ¡como non!, quizais sexan aínda poucas as cotiáns utopías.

“Nanta Enac Luf”, o zoar do morno vento no canizo, recunchos de palabras na tríade dos heroes ou medos de zouril afeccionado ou, pode que si, bafaradas de lixo na uceira onde dorme esquecido o vagalume e máis o ourizo.

“Nanta Enac Luf”, mazre pao, mastro secular de formas inmoebes, catavento do vento na tronada, inquedo adiantado da estiba; un aínda máis ou, quizais, xofre Mefistófelico e adiviño.

...tempos de heroes ou de andantes cabaleiros da xustiza.

Trastallando as pedras do edificio, no terceiro andar, cuarto oitavo, a man dereita segundo precipicio, unha porta grande, anteollos españois e un xerro de flores con flores, e auga fría...

...profanar os beixos do silencio aínda é, pouco máis que, unha rutina.

DONA DO ONTE (Voo)

...beleza de mármore con entrañas circunscritas, berro, paixón, esquecemento, infinito...

Dona do aturuxo e da crebada folla outonal no meu camiño, do suspiro e da secreta lenda do feitizo, adobío nupcial e natural, fermosura de séculos e de tempos ensoniñados, néboa e troula, verba e berro, láido...

...poesía.

¿Onde dorme o teu espírito?, dona, miñaxoia, benquerida...

¿Ficou a túa vida na mármore ou foron tan só as túas feridas?

...dona do onte, do aturuxo, do asubío...

Morre alén o canteiro, poeta de séculos belidos, de angustias emprestadas, e de mil e unha marteladas que conformaron o feitizo deses teus mármoricos adobíos.

Dona do onte, ¡trae resposta as angustias e os suspiros!, ¡fai que naza entre os dous un só silencio de secretos!, compartidos...

¿Quen foi o canteiro?.

¿Quen foi o poeta das pedras que na pedra puxo a perfecta beleza xa nunca viva...?

¡¡Non!!, que ninguén busque semellanza onde só existe un milagre que se vai, un milagre fuxidío...

...dona do onte

...do voo

ou do asubío...

...e de follas,

a mao tenta devecidas.

Segredo, soidade, pedras,

máis pedras, todo é un,

memorial inxenuo, memorial de caída...

Na luz das tebras, no mosteiro,

un axiña de premura e de vergoña pola orxía espiritual acontecida.

Ceibar a imaxinación aínda é un perigo

porque domear as formas é, hoxe por hoxe, pouco posible.

...homes de pedra!,

barís cabaleiros de outras xeiras nunha loita arreo mantida,

abnegadamente impasíbeis,

lealmente conxurados ata conquistar un segredo estelar

para a Galiza.

Só na pedra,

na eternidade do mármore e da pedra mais belida,

as páxinas da infinda epopea,

por outros,

serán escritas...

Aínda hai nas estrelas unha mensaxe de rexurdir,

de estremecer,

de conquistar;

o ancestral segredo dos máis terribles ímpetus colectivos...

...gardiáns afeizoados

de estelais secretos soerguidos.

*"Derrotarei
as louridas bandeiras
alí onde se ergan."
("Oda", Pablo Neruda)*



CABALIÑO DE MADEIRA

E din que din os vellos, con sorna nas súas palabras:
- ¡...inanque!, ¡ouh, inanque...!
Nembargantes o alén aínda fuxía,
a madrugueira xeadá poñía milleiros de reflectes no aire
e no mar,
nas pregarías,
na vida interior dos teus belidos beizos,
no latexar das túas pálpebras,
nas azas...
Coñeciamos o porvir de oídas, namais,
¡tan só de oídas!,
de oídas calmas e de fuxidas,
de agachadas...
Serpes de prata e ouro achegaban a nós a eternidade dunha doa,
o estrelecer dunha amizade ou un estrenxo vigoroso,
na temperá devala de tristes risos e ledas bágoas.
Ficaba só o cabaliño de madeira,
o burro de carton-pedra esmorecía e o eléctrico tren xa non tiña,
de pasaxeira,
a ilusión coa que noutrora todos nós xogabamos
as utopías...
...ficaban con eles tódolos anos da máis nena nenez e,
¡aínda así!,
había esperanza.

Os heroes de noutrora xa morreron hoxe;
e din que din os vellos con sorna
nas súas palabras:
- ¡...inanque!, ¡ouh, inanque...!
...agardando sempre,
sempre agardando....

MIUDALLA POR OUTROS EMPRESTADA (Renacencia)

E aló, no alén inquedo da existencia, onde o non aínda é probable e o tamén pouco menos que posible, un xoiñas de tépedos aturuxos abranguía cobizoso a esculca dun namais ou, pode que, dun deica logo amornecido pola angustia e polo aldraxe.

No bosque a flor, o seixo, o fume...

No bosque unha fada máxica, un trasno autóctono, unha pantasma irredenta, un axiña e, tamén, un ata logo de esgrevia esperanza.

Deixar amigos no devir é, máis que mágoa, un orgásmico aceno de amizade apaixonada, en cada xeito, en cada leito, en cada intre, en cada bágoa...

Lene o desexo, lene a paixón, lene a ousadía, a afouteza indomable dos máis ceibes resistentes, encadeada, as veces, por ferruxentos ferros aceirados pola suor homes novos, de feitos vellos, de lendas señoráns onde a seifa popular é algo máis que autor ou algo menos que protagonista...

Repetouteando o degoro, cada cotío, outonizos os suspiros derradeiros dunha idade vella con porvires queimados na fogueira dun presente instantáneo; como pais de fillos mortos, como medos infantís, como lausadas que feren sen matar, ficando aquí, aló e acolá, vagabundos da ledicia emprestada, esmorecidos pola procura cotián sen que ninguén de nós saiba, aínda, a orixe dun ficar de vagar que outros lembran, dun noutrora por chegar que outros soñan, dun antes por facer, como sempre, no pretérito amañán da nosa vida...

...emprestada miudalla, emprestada...

GOLÍA DUN ANTONTE ROUBADO (Porvir imaxinado)

Mouros eran os asubíos dunha Terra devecida, verdexante quizais no feble ímpeto dos seus heroes máis calmos, encarnada e húmida, esgotada de imbar milleiros de espirituais derrotas, estragada...

Devanceiros, vellos axiña, serodios loitadores da fartura ou pseudo-heroes, ou trinca-argans musgaños; moitos falsos heroes de trágicas épocas xa pasadas, que perderon os osmos xunto co sabor a herba verde, que sobreviviron protexidos polo sistema para confundirnos a lembranza dos verdadeiros heroes, dos verdadeiros mestres, dos que, fatalmente, nos deixaron...

...todos alí, onde o ningures trunfou e a golía foi raiña dun antonte leilán e malpocado, no que non fomos ben mirados por quen quixo mellor ir indo que arranxar para sempre os seculares problemas desta Terra.

E o vello di que si, outrora forte berrara...

Deixarse ir, percorrer a tomballóns ou partir a indivisible natureza do UNI-VERSO; ...morrer, ...sentir, ...sufrir, ...ver, ser...

¡Que triste é ser moitos sendo un só!, aínda que ó lonxe fique a esperanza agardando a ser ceibada de vellos proto-martires, espreitando a morte final dos que a asoballan.

E nós, entanto, axotados fuximos, as apalpadas, rubindo encostas, asolagando nas ondas do ALEN-MAR a nosa rabia, pero, eso si, ¡loitando sempre!, sempre loitando...

Os xoguetes doutros anos espertaban,
a medianoite conquería, outravolta, a súa esencia máxica.
O cabaliño de madeira ía ó trote,
levaba a boa nova na punta das súas azas...
O corazón do burro de carton-pedra latexaba,
acendía de novo o lume nas súas entranas...
O tren eléctrico voltaba a ter a ilusión por pasaxeira,
a levar lonxe ou derredor unha mensaxe de ledicia e esperanza...
E nós todos sentimos moitas cousas,
demasiadas;
sentimos como a pel se enrugaba...
Irto o cabelo ouvimos o bruído da paz nas súas palabras;
cabaliño de madeira, io agardado!,
xefe-heroe dunha grea esgañotada...
Agora, din que din os vellos con sorna
nas súas palabras:
-i...inanque!, iouh, inanque...!
...agardando sempre, sempre agardando...

*"Porque morriches para sempre,
como tódolos mortos da Terra,
como tódolos mortos que se esquecen
nunha morica de cans apagados.
Non te coñece ningún.
Non. Pero eu cantoche..."*
(*"Alma ausente"*, F.GARCIA LORCA)



REQUIEM EN TRES INTRES DE MÁGOA

*Un réquiem de premura nas ás dun gorrión,
percurando o éter na humildade dun estalote,
en tres intres de mágoa persoal
e coa esperanza de que o espírito se farte de palabras;
seguro de que abrangue-lo todo é imposible,
ou que conquistar nada é case probable...
A mao tenta, en tres intres,
a rabia renace da mágoa instantanea;
maino o bosque cadrela a sintonía e a avelaiña trae mil e un secretos
de esperanza...
...cando aquel bídalo amoleceu a luzada
e o trepón sostúa o támara banquete,
de outros anos...*

¡QUE PEQUENA E QUE BRANCA...! (Intre numero 1)

Un xemido estanguía o fogaxe, morredizo o rapaz no berce calmo...

Un ningures foi a data sinalada, o rubir, corre que corre, a alborada; non máis que ruadas de estorniños as apalpadas, un amencer de sorriso e inquedaanza.

A noite era nai dun longo día, milagreiro estrenxo da barca-lla, sotelo xoíñas de antonte, e agoiro fatal do hoxe pranto...

Xacente o corpo morto, ¡un arrepío de bágoas instantaneas!, un correr de vagar no suspiro irreal da túa ollada.

E era cedo, era noite, era tenro, ¡...namorado!
Un amor de séculos e de rifas, de aloumiños chorosos, ¡...de
sopapos!

...neniño, ¡¡meu querer!!, ¡canto te estraño...!

...aínda te vexo, ¡esmorrente e ollándome...!

...aínda te sinto, ¡a túa man pequeniña cara min procurándome!,
como se eu puidera ceibarte desa morte traizoeira que anubraba, amo-
diño, a túa ollada...

...aínda te sinto.

...aínda te vexo, cun aceno de pregaria e sen palabras...

¡Meu rapaz de onte!, ¡¡miñaxoia!!, hoxe estragado...

¡¡Meu neno...!!

¡Que pequena é a caixa!, Deus meu..., ¡¡que pequena e que
branca...!!

IN MEMORIAM BENJAMIN MOLOISE (Intre numero 2)

Seis horas, vinteseite minutos, dezaioito de Outubro, mil nove-
centos oitenta e cinco...

Cando morre un poeta choran as palabras.

Seis horas, vinteoito minutos...

Cando matan un poeta nace unha flor no pobo, das entrañas.

...dezaioito de Outubro, mil novecentos oitenta e cinco...

E aínda hoxe matan poetas; e aínda hoxe seguen asasinando as
palabras.

Din que hai que matalos, que os poetas fan o idioma da espe-
ranza; abofé que é certo, eu sei que conquiren do idioma e fan música
as palabras.

Secuencia interferida, a súa morte, dun fío alivañado; orgásmi-
co clímax dos imbéciles que madríos rebulen na gandallada, masti-
gando unha rabia secular porque, nin con cartos nin con poder, pode-
rán xamais facer seu o íntimo estronicio da palabra.

E entón xorden os matachíns...

De arrabalde, os matachíns, aquí, na America, na Europa, na
Suráfrica.

O poder da abundancia camiñando a ceacú por riba de infindas
oseiras de moricas contestatarias de brancos osos de negros calmos...

Acenos adoecidos, sobrevivir a costa de asasinatos, tan só para
conseguir gañar un intre..., tan só para poder seguir esbullando...

Terrorismo de estado, delurando un cheirume a morte, ¡que non de peste negra!, ¡¡que si de morte branca!!

E pode que sexa o intre das adhesións inquebrantables, da condena teatral que agacha interese comercial a medio prazo...

Un cotián camiñar cara o precipicio, mantendo viva a morte para que sexa máis palpable a provocación, máis arrepiante a realidade.

Pero o amigo Benjamin seguirá loitando...

E aló, quizais alén do ceo, atopará comúns amigos de outras loitas e de outros anos; endemal non só houbo, e hai, Suráfricas en Suráfrica...

Pero si, Benjamin, aquí estamos...

Que no noso mundo, no dos poetas, no da xente dada, aínda hai moito sinvergoña que se erixe en gobernante da nosa calma...

Pero si, Benjamin, na noite estamos...

Nesa noite de medos e silencios, de ledaiñas sufridoras e de espantos; cando camiñar de cara o sol parece unha utopía porque túzaro paxaros de morte este noso ceo enchen coas súas mouras azas.

...mil novecentos oitenta e cinco.

No despois...

Cando morre un poeta choran as palabras...

UN AXIÑA E MOI POUCO, UN NAMAIS DE FARAGULLA NA CAMPÁ (Intre numero 3)

Cardeal de pazo solarengo, carrouxando o teu bonete polos anos; aínda relembro o axiña camiñar dunha présa de vagar que non vai, xamais, a ningún lado. Na fraga vermella e na encosta campía, coa túa canga; o cartafol de sorriso na camiñada, cun boleto de certeza e seguranza.

Aluguei meus soños no vermello birrete que ti portabas; na sotana encovei a godallada, nun solpor de bruídos e folganzas...

No primeiro andar un cuarto, roxo e gualda, abafadamente o sancristán enchía a gorxa de viño, de pan a súa panza. E axiña o tic-tac dun reloxo acadou, para el só, a matinal resonancia; acorado, o rapaciño-sacristán fuxiu da luzenza imaxinada.

Cousas de bispos e de cregos, de rapaces e rapazas; de chisco en chisco un suspiro..., ¡os tempos pasan...!

No soterraño de ti mesmo, aínda que ti mesmo, meu amigo,
hoxe calaras, unha ducia de retrincos e un anxeio sexual na noite calma.

E aínda me lembro, aínda vexo avermellarse a túa faciana cando
ti vías que eu sabía das silandeiras espreitas a criada...

...claro que ela era, para todos, a túa hermana.

A cadeira nun recanto, o pelo cano; de chisco en chisco un sus-
piro..., ¡os tempos pasan...!

Trinta noivos en flor na triste airexa, cunha mágoa campesiña
nas campanas; unha Biblia no corazón, remouqueando a Trindade na
túa calma.

Datas e datas, desde a solaina a cotián ollada, un redor de xen-
tes dadas que pasan; o presente do fato servil que noutrora domina-
bas...

Nembargantes ben o sabes, que un axiña é moi pouco, un
namais de faragulla na campana...

Para ti...

...para min, ¡os tempos pasan!

*Sodes para min gaivotas dun ALEN-MAR que teño acima,
que levo aló onde camiñen os meus pasos...*

*Pero algúns voltaredes
como fan as andoriñas;*

*xa que non máis que andoriñas son o neno e o poeta asasinado;
e aniñaredes, outravolta, no meu peito,
e voltarei a sufrir coa vosa mágoa.*

*Outros, quizais, só sexan merecentes de ironía
porque viven mortos,
acorados no pasado.*

*E seredes redor deste mundo intanxible,
deste ceo invisible,
que nos ata,*

*no que uns viven mortos e outros
morrendo*

*para sempre viven entre nós,
mesturados coa máis fonda das lembranzas.*

*"Deixo-vós o que tenho: a minha escura voz
para que cando sepa samente
a sombra dunha sombra moi lonxana
alguem se lembre de mim na minha tribo
do mesmo xeito que a folha dun carvalho
lembra a brisa que a agarimou algunha vez."
("Regresos", MANUEL MARIA)*



HIMNO CELTA DE MORTE E ESPERANZA

*Xusto cando o final está diante,
a última das ultreias ten que relembrar o camiñar
e as súas batallas.*

*Logo,
no amañán,
todo se esvae agardando xermolar
na descoñecida ánima de outro camiñante con semellantes inquedanzas.
Porén o final é sempre provisorio
xa que con cada morte resucita unha esperanza...*

ULTREIA DE MORTE E ESPERANZA (Tedeum)

*Aburaron-me túas apertas e fuxín,
no rebumbio a búsola atopei,
o fogaxe no gris estoupou,
na brega procurei a ubedade
e no debalo o rexo froito da firmeza.*

Camiñando, percorrendo as estradas e as corredeiras, fixen meu un anaquiño de ti, miña Terra; compartín contigo o saber dos devanceiros que ti gardas no benquerido seo de nai, no ventre amigo dunha amiga de séculos sen número e de glorias caladas, xamais escritas en paxina algunha das modernas edicións da vella historia.

Fun, e son aínda, peregrino que busca sosego na viaxe infinda da idea, no misterio dunha bágoa acorada no máis fondo socalco das

pestanas innominadas do destino; agardando, ¡sí!, ¡sempre agardando!, que á saída de cada recoveco estivera, cos brazos abertos, a aperta anceiada da esperanza que anova a esperanza dos camiñantes sen rumbo nin destino...

*Recedentes foron as aces do feitío
e un cacheno de solpor fulxiu
naquela outrora;
raiota serea acorada no sorriso,
na pregaría maxinada dun MAR
de nenos afogados pouco a pouco,
de voadores peixes sen as azas
e de bicos do peito
nas súas ondas.*

A espuma enfastiada do cotián emprestoume a súa présa para conquistar máis logo aquel camiño; nembargantes semellaba que ir máis pasadío era alongar, sen querelo, os metros irrealis daquel carreiro con altos valados de inxustizas e con arrousadas campaiñas nas esquinas. Albendraba, aínda, no intre unha ironía, unha ferruxenta arma de heroe desleixado e malpocado que o malfado escravizaba na medianoite dun serán morno, con coitelos adoados na folla do ár e picariños nonaxenarios xogando a boula, en sartegos coidados por monxiñas...

O vento do Nordés aniñou na néboa e pernoitei na cata do pestanexo da vela de cera, emprestadora de luz e veciñanza a aquel redor ata daquela descoñecido. Nunha allea dimensión a Deusa Fortuna e máis LEVIATHAN puñan pano de fondo aquel día de camiñante, aquel entreacto da traxedia cotián que compartía...

*Godalleiro o pensamento as agachadas,
unha Venus dun Outono amornecido
na ladaíña da outonía emprestada,
no testán oucidente do fracaso.*

E entón era o intre de relembra-la xeira anterior o estronicio, de contar o camiñar, de enceta-lo primeiro libro da primeira triloxía.

Ninxiu primeiro o lirismo para deixar paso, despois, a narrati-

va; a terceira parte aínda non é máis que unha utopía pero aínda hai tempo para lembrar, para contar, para rematar a incompleta triloxía.

Vin entón milleiros de seres camiñando e que a Terra era toda un só camiño. Era tempo de esperta-los berros Celtas, de berrar ultreias esquecidas...

*Adoecido de paixón virei o Norte,
esculcando cobizoso a folla do ár
no UNI-VERSO
a nostalxia alabarada trouxo o arrecendo
e as agachadas aproveitei daqueles beixos.
Non, non foi máis que o abrente devala,
a irisada face dunha musa solada,
a ultreia loitadora dunha Terra
no estreito fachal
onde remata...*

...onde remata.

*" A palabra é o grande perigo:
o perigo dos perigos,
para o home."
HEIDEGGER*



EPITAFIO EN VIDA PARA O PINTOR DE CADROS DE PALABRAS

Dixen **QUE ALGO DE MIN SOBREVIVA**, e recollín outravolta a palabra para mesturar norte e sur no berce de calquera virxinal paxina, sen máis pretensión que soborda-los cumios das limitacións persoais e de voar alén do alén, sen máis azas que as que me empreste a esperanza...

Berrei **QUE ALGO DE MIN SOBREVIVA**, e outravolta recollín de min un chisco de ti mesmo; e outravolta interpretei sinfonías máxicas de verbas agarimosamente significadas, agarimosamente insignificantes por nós mesmos...

Cavilei **QUE ALGO DE MIN SOBREVIVA**, e pinteí cadros de noite e de mágoa, únicas paisaxes onde mora a esperanza...

Desexo **QUE ALGO DE MIN SOBREVIVA**, Leviathán, serpe dos avesíos, Mar, Oeste, aquí, no epitafio a ti e a min, xuntos, debemos erguer a voz para que escoiten o noso silencio tódolos que falan...

E DICIMOS NOS, ti mais eu, Leviathán; ti mais eu...

...EN CADA CADRO DE PALABRAS :

NESTE ERMO DE PEDRA E ACEIRO,

... hai que levantar a voz para que todos poidan oír o silandeiro silencio da esperanza.

NESTE ERMO DE PEDRA E ACEIRO,

... hai que erguerse para desafia-la sabedoría do mundo, para cuestiona-las leis de Deus e dos homes, para servirnos servíndovos desde a máis doada fartura de lembranzas.

NESTE ERMO DE PEDRA E ACEIRO,
... ningunha falsidade será para nós unha verdade, ningún dogma torcerá a nosa pluma, nós, ti e eu, somos nós, ninguén poderá xamais enterrar nin o corpo, nin o espírito, nin a herdanza.

NESTE ERMO DE PEDRA E ACEIRO,
... cuestionámo-las cousas, dicimos que o que o home fai o home pode destruílo; xa que logo pregamos e pedimos a destrucción, a eiva feble na barcalla colectiva.

NESTE ERMO DE PEDRA E ACEIRO,
... o verdadeiro deber de toda xeira nova é facer que os homes determinen as súas liberdades, para que elas os guíen ata o éxito, aínda que acadar o éxito non é máis que deixar memoria histórica doutro fracaso.

NESTE ERMO DE PEDRA E ACEIRO,
... as teorías ou as ideas deben expresar vida, esperanza e liberdade, nunca a escravitude sufrida por todos aqueles que nos teñen precedido con pragmáticos surrealismos creados e criados no berce da razón da sinrazón e adoutrinados para ser leais servidores ou modélicos vasalos.

NESTE ERMO DE PEDRA E ACEIRO,
... a idea da evolución é ficticia e debemos arroxala ás tebras, entre os Deuses mortos, os imperios afundidos e as filosofías anticuadas.

E E QUE NOS...

... non existimos realmente, somos única e exclusivamente froitos dunha ficción literaria e, polo mesmo, podemos facelo.

Pero, aínda así, soterrados na nada absoluta, loitamos por avivar e facernos realidade. Namentres esto non ocorra seguiremos sendo vagabundos da noite, percorredores testáns dunha xeira eterna onde, amigo meu, nace unha estrela cada vez que fracasamos...

E E QUE NOS...

... desexamos renacer nunha bágoa, desexamos medrar nunha ultreia, desexamos morrer nunha devala...

...alén do tempo, do medo, da careifa, do lume, dos paxaros, dos nenos, da morte, da vida, do onte, do amañá, ou da distancia...

Casa da Alén, no 30 Abril dun tempo que estala...

Copyright F.Javier González Sotelo, 2.001

De xeito expreso prohibese a traducción, total ou en parte, a calquera idioma sen a autorización expresa e escrita do autor.

“Escritos da Nación Proibida” é unha ficción literaria, calquera semellanza das súas personaxes, lugares ou situacións descritas na obra coa realidade é mera coincidencia.

Editado por: **ALTERNATIVA EDITORIAL**

<http://alternativaeditorial.es.vg/>

alternativaedit@terra.es

Apartado 98 - 32.080 OURENSE

Galicia (Europa)

Editor asociado: **CISDER A.C.**

Primeira edición: 1.000 exemplares en impresión dig. secuenciada (Febreiro 2.002)

Impreso en: **A-CERO** (Ourense)

Encadernación: **SANTES ENCADERNACIONES**

Depósito legal: **OU - 11 / 2002**

Indicativos: 20.875 palabras

4.959 vocablos diferentes

Deseño portada: Xabier González

Ilustracións: Xabier González

Deseño interior: **Ourense Dixital**

Venda por internet: <http://ourensedixital.nostracom.com/>

A recuperación de formas dialectais do Galego (palabras e xiros), que están a desaparecer, de uso común nos concellos de San Cristovo de Cea, Carballiño, Amoeiro, Vilamarín, Maside, Irixe, Piñor de Cea, Boborás, Punxín, Coles e San Amaro (todos na provincia de Ourense) é un dos obxectivos de “Escritos da Nación Proibida”; aínda que elo implique unha merma na normativización idiomática do libro. O autor entende que elas forman parte dunha memoria histórica que non pode nin debe perderse.